# ACTA XUNTA DE GOBERNO

## SESIÓN ORDINARIA DE DOCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. Mª. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Xosé María Arias Fernández
D. Carlos López López
Dª. Iria Castro Fernández

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **doce de setembro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores deputados don Miguel Fernández Méndez e don Iván Castro Díaz.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 1/134 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de setembro de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN SERVIZO DE VALORACIÓNS DE BENS INMOBLES RELATIVOS A PROCEDEMENTOS SEGUIDOS POLO SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 2 de setembro de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes.*

Orden de inicio de expediente e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TU627LUVTVPESAB5VIZPO6M[1].
Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7TU624PBU66RH26TXRGMTCE4.
Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7TU3A5L4N2ZGXOQPXA4RJFEY.
Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TU6YZPN63XWOP2HVH6ECA5Y.
Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7TU67J3D66LOBO3VUCOEDRCA.
Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7TU7D2BQWORKEO6YO56MRTOY.
Acordo de Xunta de Goberno do día 20 de xuño de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7TULXTPFHT3HBPQN6GKIH6N4.
Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 24 de xuño de 2025.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público o 10 de xullo de 2025, con CSV: IV7TQXDT2DZPZZF347XNGR3A4A, na que se recolle o seguinte:
"Pola Presidencia procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

1Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 2/134 |

Contratación dun servizo de valoracións de bens inmobles relativos a procedementos seguidos polo Servizo de xestión, recadación e inspección tributaria.

Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.
Segundo.- Apertura criterios avaliables automaticamente.
Terceiro.- Valoración criterios avaliables automaticamente.
Cuarto.- Mellor valorado. Requirimento de documentación, se procede.

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen as declaracións de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

| LICITADORES |
|---|
| CONESTEU, S.L |
| EUROVALORACIONES, S.A. |
| SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA |
| ST CONSULTORES INMOBILIARIOS |
| TINSA, TASACIONES INMOBILIARIAS, S.A.U. |

As empresas concorrentes presentaron a través da Plataforma e dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas polo que a Mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos, cos seguintes resultados: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

Os criterios de adxudicación, recollidos na letra K do Cadro Resumo do PCAP, son os seguintes:

| Criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas | PUNTUACIÓN MÁXIMA |
|---|---|
| OFERTA ECONÓMICA | 45 |
| REDUCIÓN PRAZO DE ENTREGA | 40 |
| VALORACIÓNS SEN CUSTO | 15 |
| Total | 100 |



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 3/134 |

A continuación procédese á apertura dos sobres relativos aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

| LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA % | REDUCIÓN PRAZO DE ENTREGA | VALORACIÓNS SEN CUSTO |
|---|---|---|---|
| CONESTEU, SL. | 19,90 | 10 | 6 |
| EUROVALORACIONES, S.A. | 52 | 10 | 2 |
| SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA | 30 | 10 | 6 |
| ST CONSULTORES INMOBILIARIOS | 16,59 | 10 | 4 |
| TINSA, TASACIONES INMOBILIARIAS, S.A.U. | 40,01 | 10 | 6 |

A Mesa de contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

| LICITADORES | PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA | PUNTUACIÓN REDUCIÓN PRAZO DE ENTREGA | PUNTUACIÓN VALORACIÓNS SEN CUSTO | TOTAL PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| CONESTEU, S.L. | 17,22 | 40 | 15 | 72,22 |
| EUROVALORACIONES, S.A. | 45 | 40 | 5 | 90 |
| SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA | 25,96 | 40 | 15 | 80,96 |
| ST CONSULTORES INMOBILIARIOS | 14,36 | 40 | 10 | 64,36 |
| TINSA, TASACIONES INMOBILIARIAS, S.A.U. | 34,62 | 40 | 15 | 89,62 |

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

**Contrato:** **2025/CON_02/000071**

**Precio Base de Licitación:** 33.200,00

| OFERTAS PRESENTADAS | Importe Oferta | Importe de la Baja | Porcentaje de Baja sobre precio base licitación | Primer Filtro | ¿Baja Temeraria? |
|---|---|---|---|---|---|
| Conesteu SL | 26.593,20 | 6.606,80 | 19,9000% | No se incluye | No es Baja Temeraria |
| EUROVALORACIONES, S.A. | 15.936,00 | 17.264,00 | 52,0000% | Se incluye | Es Baja Temeraria |
| SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA | 23.240,00 | 9.960,00 | 30,0000% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| ST CONSULTORES INMOBILIARIOS | 27.692,12 | 5.507,88 | 16,5900% | No se incluye | No es Baja Temeraria |
| TINSA, TASACIONES INMOBILIARIAS, S.A.U. | 19.916,68 | 13.283,32 | 40,0100% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| **Medias calculadas** | **22.675,60** | **10.524,40** | **40,67 %** | **19.697,56** | **Media Ofertas incluidas** |
| Porcentaje de Baja a partir del cual se considera **BAJA TEMERARIA** e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consIderación (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales) | | | **46,60 %** | **17.727,80** | |

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Eurovaloraciones, S.A., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desagregue razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 4/134 |

valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.
Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.
E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:10 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico."

Acta da mesa de contratación do día 31 de xullo de 2025, con CSV: IV7TTXK5FJVNR3H77Q6BONYFMM, na que se recolle o seguinte:
"A Mesa de Contratación, reunida en data 10 de xullo de 2025, acordou conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, ao licitador Eurovaloraciones, S.A, por un prazo de cinco días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

Con data 14 de xullo deuse traslado á empresa do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. A empresa presentou xustificación con data 21 de xullo, en prazo.

O servizo de Xestión tributaria, Recadación e Inspección emitiu informe, con CSV IV7TSMLCHYELXON36ZGDAEKTJ4, que conclúe:
"Vista a documentación presentada pola empresa Eurovaloraciones, SA, onde se revisa, entre outras, a solvencia da empresa, tendo en conta o número de licitacións públicas, facturación, certificados de boa execución (achega certificado da administración de xustiza de Galiza ademáis de outros), medios persoais posibles adscritos ao contrato, discriminados por ámbito xeográfico e nivel de capacitación,



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 5/134 |

Conclúese, que a oferta ten as posibles condicións que lle permiten afrontar os compromisos do presente contrato"

A Mesa acorda aceptar o informe do servizo de Xestión tributaria, Recadación e Inspección e, en consecuencia, aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Aceptar a xustificación presentada pola empresa de conformidade co informe do servizo de Xestión tributaria, Recadación e Inspección.

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

| Nº DE ORDE | LICITADORES | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | EUROVALORACIONES, S.A. | 90 puntos |
| 2 | TINSA, TASACIONES INMOBILIARIAS, S.A.U. | 89,62 puntos |
| 3 | SERGIO LOUZÁN SAAVEDRA | 80,96 puntos |
| 4 | CONESTEU, S.L. | 72,22 puntos |
| 5 | ST CONSULTORES INMOBILIARIOS | 64,36 puntos |

Requirir á empresa eurovaloraciones, S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| IMPORTE DE ADXUDICACIÓN por dous anos de contrato: será o orzamento máximo (orzamento de licitación), segundo o recollido na letra E do cadro resumo do PCAP | IMPORTE DA GARANTÍA 10 % (cláusula 10.3 do PCAP) |
|---|---|
| 33.200 € | 3.320€ |

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.
E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:43 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico."




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 6/134 |

Resolución da Presidencia do día 7 de agosto de 2025, con CSV: IV7T4HR3HBRJTPVKUIPQ533OEE, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, clasifícase aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 8 de agosto de 2025.

Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 2 de setembro de 2025, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente a carta de pago da garantía depositada, dilixencia de bastanteo de poderes e certificado de estar ao corrente coa Deputación.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a Eurovaloraciones, S.A. o contrato do servizo de valoracións de bens inmobles relativos a procedementos seguidos polo servizo de xestión, recadación e inspección tributaria polo importe máximo de 33.200,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 6.972,00 €, o que fai un total de 40.172,00 €, cos seguintes compromisos:

Aplicar una porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios indicados no Prego de prescricións técnicas do 52%.
Rebaixa de 10 días naturais de redución do prazo de entrega.
A realización de 2 taxacións sen custo por anualidade de contrato.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 7/134 |

A duración do contrato será de dous anos prorrogables anualmente por outros dous anos, sen que a duración total das prórrogas, exceda dos catro anos. (2+1+1). A data de inicio do contrato estímase para o 15/11/2025.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:37 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar a contratación do servizo de valoracións de bens inmobles relativos a procedementos seguidos polo servizo de xestión, recadación e inspección tributaria, expediente 2025/CON_02/000071, á empresa Eurovaloraciones, S.A., polo importe máximo de 33.200,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 6.972,00 €, o que fai un total de 40.172,00 €, cos seguintes compromisos:

Aplicar una porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios indicados no Prego de prescricións técnicas do 52%.
Rebaixa de 10 días naturais de redución do prazo de entrega.
A realización de 2 taxacións sen custo por anualidade de contrato.

**2º.-** O contrato terá unha duración de dous anos prorrogables anualmente por outros dous anos, sen que a duración total das prórrogas, exceda dos catro anos. (2+1+1). Este prazo empezará a contar a partir da subscrición da acta de inicio da prestación do servicio, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP. A data de inicio do contrato estímase para o 15/11/2025.

**3º.-**O orzamento de adxudicación distribúese de conformidade coas seguintes anualidades:

| ANUALIDADE | APLICACIÓN | IMPORTE | RC |
|---|---|---|---|
| 2025 | 9320.22706 | 1.673,83 | 22025/17965 |
| 2026 | 9320.22706 | 20.086,00 | 220259/224 |
| 2027 | 9320.22706 | 18.412,17 | 220259/224 |
| SUMA | | 40.172.00 | |

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2025, polo importe relacionado, para a anualidade 2025.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 8/134 |

financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2026 e 2027 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

**4º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.
Na data da sinatura dixital."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA IMPLANTACIÓN DE PUNTOS DE FICHAXE E SISTEMA DE CONTROL DE PRESENZA NOS CONCELLOS PROXECTO ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO) NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXTGENERATION EU"- COMPONENTE 11 INVERSION 3.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 10 de setembro de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"Acta da mesa de contratación do día 10 de setembro de 2025.

Presidenta: Dona Sonia Méndez García, Xefa do Servizo de Contratación e Fomento.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 9/134 |

Secretaria da mesa: Dna. Carmen Dorado Duro, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.
Vogais:
D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.
Dna. Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Intervención, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo.
Dna Margarita Tarrío Álvarez, Xefa da Sección de Contratación Xeral.
D. Luis Gil Díez, Técnico Superior Administración Sistemas Informáticos en Rede (Sección Novas Tecnoloxías).

Sendo as 11:38 horas do día 10 de setembro de 2025, baixo a Presidencia de Dna Sonia Méndez García ,constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada a tales efectos.

Pola Presidenta da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) no marco do "Plan de recuperación, transformación e resilienciafinanciado pola Unión Europea- *Next Generation EU*" - componente 11 inversion 3.

Primeiro.- Dar contada documentación administrativa.

Segundo.- Proposta de adxudicación se procede.

1. Memoria xustificativa do contrato, e motivación da urxencia da contratación con CSV: IV7TVXDNNE4ZLXXNWJ7MGBRR5Y.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TW3XCHAUL5XGLWBUV6LXRCA.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7TVXDCGF5OZSMY2U5D777RF4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TWDL7PM73QRH76AQVMYRUG4.
5. Informe do Servizo de Contratación, conformado pola Secretaría, con CSV: IV7TWDLTNBBNTNOJADQTIF76A4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7TWHPOAFP3TVPZ6D4FI5HTKE.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7TWHS5LY5I5XUY4X7BGUDQCY.
8. Acordo de Xunta de Goberno do día 4 de xullo de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7TWK3CPZMYLH7CCUQMORDO4Y.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 10/134 |

9. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 04 de xullo de 2025.
10. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 31 de xullo de 2025, con CSV: IV7TTXT3NNH44VMJQVXXN5XDEU na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen as declaracións responsables sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:
Herbecon Systems SL
Orange Espagne, S.A.U.
Qaroni Emea, S.L.
Seresco, S.A.
Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, cos seguintes resultando que os Anexos I, presentado por tódalas licitadoras se axusta aos requisitos mínimos esixidos no PCAP, polo que se acorda admitir a todas as candidatas e procédese á apertura dos sobres electrónicos relativos aos criterios avaliables mediante xuízo de valor.
A Mesa acorda enviar a documentación contida en ditos sobres a informe e valoración do Servizo de Comunicación e TICs.
Incorpóranse ao expediente as declaracións asinadas de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación.
E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:39 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico."

12. Acta da Mesa de Contratación, reunida en con data 14 de agosto de 2025, con CSV: IV7T6X2DJZ5NQVJSQ56WB4DPIU, na que se recolle o seguinte:




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 11/134 |

“Pola Presidencia dáse conta que se incorpora ao expediente as declaracións asinadas de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación así como o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por MINERVA concluíndo o seguinte:
“28 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)
0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)
Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o
constan como fallecidos (banderas negras).
Todas las parejas decisor- potencial beneficiario están en situación de bandera verde.”

A continuación dáse conta do informe emitido polo servizo de Comunicación e Tics con CSV: IV7T4LPIFXVYIVPOVVQM6MXVGY, sendo as puntuacións nesta fase de valoración as seguintes segundo consta no informe.

“(...)

Establecendo tamén unha puntuación mínima de 10 puntos, de tal xeito que aquelas que non alcancen esta puntuación non continuarán co proceso de valoración.
O prego indica tamén que “Non poderá incluírse neste sobre información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión do procedemento de adxudicación, en especial se contravén os principios de igualdade, transparencia e libre competencia”, sendo os criterios avaliables de forma automática tres: a oferta económica, a ampliación de puntos de fichaxe (equipos adicionais sen coste) e ampliación do tempo de soporte e garantía sobre o mínimo de 2 anos establecido nos pregos.

A proposta presentada pola empresa Qaroni Emea, S.L inclúe, na páxina 16, no apartado 6.2. Periodo de Garantía y ampliación, referencia expresa a un criterio que se debería avaliar na seguinte fase de criterios automáticos, facendo referencia a ampliación do tempo de soporte e garantía, polo que procede, tal e como se indica no PCAP, á exclusión da mesma.

A proposta presentada pola empresa Seresco, S.A. inclúe na paxina 6 unha táboa con datas de inicio e fin previstas, incluíndo un ano máis sobre o soporte mínimo esixido, o que fai referencia expresa a o criterio de ampliación de tempo de soporte e garantía que debería de valorarse na seguinte fase do procedemento. Polo tanto, tal e como se indica no PCAP, procede a exclusión da mesma.

Para o resto de propostas presentadas, informase da valoración e puntuación obtida por cada unha delas nos diferentes criterios avaliables:
(...)




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 12/134 |

Considerando o exposto, infórmase que as puntuacións finais obtidas polos licitadores en cada un dos lotes do contrato 2024/CON_02/000078 para a "Fase 1: Criterios non avaliables de forma automática" son as seguintes:

| FASE 1: CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA | |
|---|---|
| Licitador | Puntuación<br>Fase I |
| HERBECON SYSTEMS SL | 24,75 |
| ORANGE ESPAGNE, S.A.U. | 34 |
| QARONI EMEA, S.L. | Excluida |
| SERESCO, S.A | Excluida |

Destacar que no informe na valoración da Memoria Técnica presentada pola mercantil Herbecon Systems SL, en concreto no apartado referente ao Plan de Soporte e Mantemento indícase que "a proposta excede o número de páxinas máximo fixado nos pregos, quedando o presente apartado a valorar incompleto. A clasificación de incidencias e os tempos de resolución non están acordes ao indicado nos pregos técnicos", polo que se reitera a obriga que contraen as empresas de cumprir o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexen na contratación e mailos seus Anexos, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen excepción ningunha.

Os membros presentes na Mesa de Contratación acordaron por unanimidade aceptar o informe de valoración da oferta técnica emitido polo servizo de Comunicación e Tics, polo que se acorda excluir ás empresas Qaroni Emea, S.L e Seresco, S.A. do procedemento de contratación por incluir neste sobre información que permite coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas.

A continuación, a Presidenta da Mesa informa que comeza a apertura pública do sobre relativo aos criterios avaliables automaticamente. Finalizada a apertura pública da oferta, os resultados da apertura son os indicados a continuación.

Oferta Herbecon Systems SL.
a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe de ciento diecinueve mil novecientos euros (119.900 €), aos que se engadirán 25.179 € euros en concepto de IVE, oque ascende a un total de ciento cuarenta y cinco mil setenta y nueve euros (145.079 €).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 13/134 |

b) Se compromete á ampliación dos puntos de fichaxe mínimos en 46 equipos adicionais.
c) Se compromete a ampliar o tempo de soporte e garantía sobre o mínimo esixido en 8 trimestres adicionais.

Oferta Orange Espagne, S.A.U.
a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe de 103.850,00 euros, aos que se engadirán 21.808,50 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 125.658,50 euros.
b) Se compromete á ampliación dos puntos de fichaxe mínimos en 5 equipos adicionais.
c) Se compromete a ampliar o tempo de soporte e garantía sobre o mínimo esixido en 10 trimestres adicionais.
Non existen ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo.

Valoracións.

| LICITADORAS | Oferta económica (máx.30 puntos) | Ampliación dos puntos de fichaxe (máx. 5 puntos) | Ampliación do tempo de soporte e garantía. (máx. 20 puntos, 2 puntos por cada trimestre adicional ofertado) | Puntuación total |
|---|---|---|---|---|
| HERBECON SYSTEMS SL | 25,98 | 5 | 16 | 46,98 puntos |
| ORANGE ESPAGNE, S.A.U. | 30 | 0,54 | 20 | 50,54 puntos |

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Aceptar o informe de valoración da oferta técnica emitido polo servizo de Comunicación e Tics.

2º.-Excluir ás empresas Qaroni Emea, S.L e Seresco, S.A. do procedemento de contratación por incluir neste sobre información que permite coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas.

3º.-Clasificar as ofertas presentadas, atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

| Nº DE ORDE | LICITADOR | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | ORANGE ESPAGNE, S.A.U. | 84,54 puntos |
| 2 | HERBECON SYSTEMS SL | 71,73puntos |




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 14/134 |

4º.- Requirir á empresa Orange Espagne, S.A.U., para que, dentro do prazo de oito días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE) | IMPORTE DA GARANTÍA 5 % |
|---|---|
| 103.850,00 € | 5.192,50€ |

A maiores da documentación recollida na cláusula 17 do PCAP, o licitador debe incorporar a seguinte documentación (Ver apartado “P” do cadro resume do PCAP) :

(1)- Declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) e de ausencia de conflito de intereses (Ver modelo Anexo III).

(2)- Declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)(Ver modelo Anexo IV).
Estas declaracións están contidas no Plan de medidas antifraude da Deputación de Lugo e poden consultarse na seguinte ligazón:https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/3MYF_castelán.pdf

(3)- Acreditacion da inscricion no censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia estatal da administracion tributaria ou no censo equivalente da administracion tributaria foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data departicipacion no procedemento de licitacion (artigo 8.1 F) da da Orde HFP/1030/2021, DO 29 de setembro).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 15/134 |

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.
E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 11:08 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico."

13. Resolución da Presidencia do día 27 de agosto 2025, con CSV: IV7TYYIPDEV2IX5LY77X4U7WJY, pola que se insta ó requirimento da documentación administrativa recollida na cláusula 17 do PCAP e no apartado "P" do cadro resume do PCAP.

14. Acta da Mesa de Contratación, reunida en con data 02 de setembro de 2025, con CSV: IV7TZSI6KEJ6JD6LS4XQMAS7M4, na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta que se incorpora ao expediente as declaracións asinadas de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación así como o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por MINERVA concluíndo o seguinte:

"Se ha realizado el análisis de riesgos de las 48 posibles parejas decisor-potencial beneficiario,
siendo el resultado el siguiente:
48 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)
0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)
Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras).
Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde."

A continuación dáse conta do literal do informe emitido polo servizo de Comunicación e Tics con CSV:IV7TY37DLY4P35FMYJQ5IN2XAQ en relación ao escrito presentado polo licitador Herbercon Systems, S.L. en data 25 de agosto de 2025 e con número de rexistro 2025RPE013527.

"*Antecedentes*.

Expediente 2025/CON_02/000078, con título "Contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do programa impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) no marco do "Plan de recuperación, transformación e resilienciafinanciado pola Unión Europea- *Next Generation EU*" - Componente 11 Inversion 3".

Expediente 2025/PES_03/016028, con título "recurso en relación co procedemento de licitación "Contratación para a implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presencia en municipios (Expediente 2025/CON_02/000078)"",



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 16/134 |

presentado polo licitador Herbecon Systems, S.L. en data 25 de agosto de 2025, e con número de rexistro 2025RPE013527.

*Consideracións.*

1. O obxecto do contrato de referencia, relativo aos servizos de implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos, con número de expediente 2025/CON_02/000078, é a subministración e instalación de puntos de fichaxe nos concellos adheridos, configuración e dotación de tarxetas contactless e implantación e configuración do software preciso para levar un control horario no concello, incluíndo formación e soporte e mantemento. A dito procedemento de licitación presentáronse os seguintes licitadores:
Herbecon Systems, S.L.
Orange Espagne, S.A.U.
Qaroni Emea, S.L.
Seresco, S.A
En data 22 de agosto de 2025, publícase acta da mesa de contratación celebrada o 14 de agosto de 2025, onde se recolle a clasificación das empresas presentadas e onde se require a Orange Espagne, S.A.U para que presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

2. En data 25 de agosto de 2025, Herbecon Systems, S.L presenta un escrito dirixido á Deputación de Lugo, expresando e motivando a súa oposición á acta da mesa de contratación do 14 de agosto de 2025, e solicitando o seguinte:
1. Que se tenga por presentada esta oposición formal, incorporándola al expediente para su consideración en la resolución de adjudicación.
2. Que se requiera a la mercantil Orange Espagne, S.A.U. la acreditación documental de que su subcontratista Ecocomputer, S.L. dispone efectivamente de las certificaciones ENS nivel medio e ISO 9001, así como de la solvencia técnica exigida.
3. Que, en caso contrario, se declare la exclusión de la oferta de Orange Espagne, S.A.U., por incumplimiento de los pliegos y de la LCSP.
4. Que se deje constancia de la reserva expresa de acciones, incluido el Recurso Especial en Materia de Contratación (arts. 44 y ss. LCSP), frente a la eventual resolución de adjudicación que no corrija estas irregularidades.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 17/134 |

3. No punto 4.1 do prego de prescricións técnicas da licitación recóllese o seguinte respecto ao cumprimento do ENS para os licitadores:
"A empresa adxudicataria deberá cumprir co Esquema Nacional de Seguridade en categoría media como mínimo. Debe de ofrecer as máximas garantías de dispoñibilidade, trazabilidade, integridade, autenticidade e confidencialidade da información almacenada.
Conforme a Instrución Técnica de Seguridade de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, os adxudicatarios deberán acreditar a conformidade das súas solucións ou servizos co Esquema Nacional de Seguridade, nos termos establecidos na Resolución do 13 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Conformidade co Esquema nacional de Seguridade, e a Guía CCN-STIC-809 "Declaración e Certificación de Conformidade co ENS e Distintivos de Cumprimento", na súa categoría media."
Nos pregos que rexen a licitación non se indica a necesidade de cumprir coa norma ISO9001.

4. Na oferta presentada por Orange Espagne, S.A.U, o licitador propón realizar as prestacións obxecto do contrato co software ACTAIS® TA como sistema de control:
"Para satisfacer todas as necesidades de Deputación Provincial de Lugo recollidas no prego de prescricións técnicas Orange propón a implantación do sistema ACTAIS® TA de Ecocomputer S.L. (partner de Orange)."

5. Enténdese pola oferta presentada que as actuacións obxecto do contrato serán prestadas pola empresa Orange Espagne, S.A.U, sendo esta a que faría a subministración, instalación e configuración de todo o equipamento, e tamén o soporte e mantemento posterior, propoñendo a implantación dun software específico xa existente propiedade da empresa Ecocomputer, S.L. O presente contrato é de subministro, non de servizo de desenvolvemento de software, sendo o subministro e instalación do hardware e do software a parte nuclear do contrato, non o desenvolvemento do aplicativo.

6. A acreditacion do cumprimento do ENS requirirase ao proposto como adxudicatario para a formalización do contrato, neste caso o licitador Orange Espagne, S.A.U., quen dispón de dous certificados de conformidade co ENS para nivel alto e para os seguintes alcances no rexistro de entidades certificadas do CCN:
1. Os sistemas de Información propiedade de Masorange, que soportan os seguintes servizos:
A) Servizos de Conectividade: WAN (MPLS, Internet, SD-WAN, VPLS, liñas dedicadas), Solucións 5G.
B) Servizos de Movilidad: voz e datos móbiles, voz e datos roaming, xestión dispositivos móbiles.
C) Servizos de Comunicación e Colaboración: voz fixa, voz trunking, rede intelixente, central
virtual, colaboración e comunicacións unificadas, envío SMS
D) Datacenter e Cloud: Housing, Conectividade Privada a Nube Publica




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 18/134 |

E) Ciberseguridade: Ciber Protección de rede móbil, Security Suite, AntiDDoS e customer SOC,
Secure Apps, Secure Email, Secure EndPoint
F) Servizos de comunicacións IoT baseados en redes 2G, 3G, 4G, 5G, NB-IoT e LTE-M, plataforma de xestión Conecta IoT.
Así como os procesos relativos ao control, monitorización e mantemento da infraestrutura e da seguridade lóxica e física dos servizos prestados, ademais da xestión da demanda do equipamento,necesarios para a adecuada prestación dos servizos, #de acordo con a declaración de aplicabilidade vixente.

2. Os sistemas de información que dan soporte a servizos de comunicacións unificadas, incluídos os procesos relativos a: provisión, control, monitorización e mantemento da infraestrutura e a seguridade lóxica e física dos servizos prestados, ademais da xestión da demanda do equipamento,necesarios para a adecuada prestación dos servizos. conforme coa declaración de aplicabilidade vixente v.1.0.

*Conclusións*.

Primeiro.- Vista a oferta presentada considérase que sería a empresa Orange Espagne, S.A.U a que realizaría as tarefas de subministro, configuración e implantación principais do contrato. Dita empresa conta con certificación de conformidade no ENS superior á mínima esixida nos pregos.

Segundo.- Será a empresa proposta como adxudicataria, Orange Espagne, S.A.U, quen deba cumprir coas medidas requiridas e recollidas no ENS para sistemas de nivel medio na solución que vai a despregar, e quen deba acreditar a conformidade de ditas solucións co Esquema Nacional de Seguridade, polo que se propón á mesa de contratación requirir ao licitador Orange Espagne, S.A.U. a documentación que acredite o cumprimento das medidas de seguridade que define o Esquema Nacional de Seguridade en sistemas de nivel medio para a infraestrutura e solución a despregar.
Este é o meu parecer que someto a calquera outro criterio mellor fundado en dereito, salvo erro e/ ou omisión non intencionada.
Con todo, o órgano competente resolverá o que estime máis conveniente."

Tendo en conta o antedito, os membros da Mesa de Contratación acordan requirir a Orange a documentación relativa ao Esquema Nacional de Seguridade en relación á




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 19/134 |

acreditación do cumprimento co Esquema Nacional de Seguridade segundo o requirido polos pregos que rexen a licitación, a empresa proposta como adxudicataria, Orange Espagne, S.A.U, é quen debe cumprir coas medidas requiridas e recollidas no ENS para sistemas de nivel medio na solución que vai a despregar, e será quen deba acreditar a conformidade de ditas solucións co Esquema Nacional de Seguridade. Esta acreditación de cumprimento de medidas de seguridade esténdese tamén ás solucións, produtos ou servizos a despregar que, como neste caso, sexan provistos por un terceiro (Ecocomputer, S.L).

Deste xeito, se require ao licitador Orange Espagne, S.A.U. a documentación que acredite o cumprimento das medidas de seguridade que define o Esquema Nacional de Seguridade en sistemas de nivel medio para a infraestrutura e solución a despregar.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:56 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico."

Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 10 de setembro de 2025,pola Presidencia se informa aos membros da Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación requirida en base aos acordos adoptados nas mesa pola Mesas de contratación celebradas nos días 14 de agosto de 2025 e 02 de setembro de 2025, infórmase que as empresa Orange Espagne, S.A.U. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación.

A Presidenta informa aos membros da mesa, que de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta .Consta no expediente o informe emitido polo servizo de Novas Tecnoloxías en relación ao cumprimento do ENS, nos términos que se recollen a continuación:

"A mesa de contratación do día 2 de setembro de 2025 aprobou "Requirir a Orange para que, dentro do prazo de oito días hábiles, presente a documentación relativa ao Esquema Nacional de Seguridade en relación á acreditación do cumprimento co Esquema Nacional de Seguridade segundo o requirido polos pregos que rexen a licitación, a empresa proposta como adxudicataria, Orange Espagne, S.A.U, é quen debe cumprir coas medidas requiridas e recollidas no ENS para sistemas de nivel medio na solución que vai a despregar, e será quen deba acreditar a conformidade de ditas solucións co Esquema Nacional de Seguridade. Esta acreditación de cumprimento de medidas de seguridade esténdese tamén ás solucións, produtos ou servizos a despregar que, como neste caso, sexan provistos por un terceiro (Ecocomputer, S.L).

Deste xeito, se require ao licitador Orange Espagne, S.A.U. a documentación que acredite o cumprimento das medidas de seguridade que define o Esquema Nacional




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 20/134 |

de Seguridade en sistemas de nivel medio para a infraestrutura e solución a despregar."

Para este propósito, o licitador Orange Espagne, S.A.U. achega un certificado que acredita o seu cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) Nivel Alto e unha declaración na que indica que o despregue e instalación do software proposto, ACTAIS@TA, se despregará nun servidor cloud cuxo datacenter tamén ten certificación ENS Nivel Alto.

A certificación ENS Nivel Alto do Data Center onde se vai a despregar a solución, garante que a instalación cumpre co indicado ao respecto do ENS no apartado dos pregos de prescricións técnicas no apartado 4.1.

A certificación ENS Nivel Alto da empresa Orange Espagne, S.A.U. obriga a dita a empresa a garantir que a cadea de subministro cumpra co nivel alto do ENS e coas correspondentes medidas de seguridade (é unha das medidas que se teñen que cumplir para ter esta certificación). Polo tanto, Orange Espagne, S.A.U., ao dispor de certificación ENS nivel alto, é responsable de establecer as medidas de revisión, supervisión e corrección precisas para garantir que todo o equipamento e software subministrado no presente contrato tamén cumpra coas medidas definidas no ENS para sistemas de nivel alto, e polo tanto se axuste ao requirido no prego de prescrición técnicas."

Se incorpora o expediente o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por MINERVA concluíndo o seguinte:
"Se ha realizado el análisis de riesgos de las 48 posibles parejas decisor-potencial beneficiario,
siendo el resultado el siguiente:
48 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)
0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)
Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o
constan como fallecidos (banderas negras).
Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde.."




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 21/134 |

A maiores incorpóranse ao expediente as declaracións asinadas de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, polo órgano de contratación, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a Orange Espagne, S.A.U. a contratación da da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do Programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea - *Next Generation EU*" - Componente 11 Inversion 3.

A adxudicación realizarase nos seguintes termos:

Oferta Orange Espagne, S.A.U.
a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe de 103.850,00 euros, aos que se engadirán 21.808,50 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 125.658,50 euros.
b) Se compromete á ampliación dos puntos de fichaxe mínimos en 5 equipos adicionais.
c) Se compromete a ampliar o tempo de soporte e garantía sobre o mínimo esixido en 10 trimestres adicionais.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
A Presidenta levanta a sesión ás 11:47 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar a Orange Espagne, S.A.U. a contratación da da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do Programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*"- Componente 11 Inversion 3.

A adxudicación realizarase nos seguintes termos:

Oferta Orange Espagne, S.A.U.
a) Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe de 103.850,00 euros, aos que se engadirán 21.808,50 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 125.658,50 euros.
b) Se compromete á ampliación dos puntos de fichaxe mínimos en 5 equipos adicionais.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 22/134 |

c) Se compromete a ampliar o tempo de soporte e garantía sobre o mínimo esixido en 10 trimestres adicionais.
Os efectos do acordo de adxudicación estarán condicionados á concesión da extensión da data límite para poder executar os traballos das novas subactuacións aprobadas dentro do expediente 499-632865 ("Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes y creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos y Automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales de los ayuntamientos de Lugo") ata o 15 de decembro de 2025 ou ata o máximo permitido co fin de poder executar os traballos da Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario que se recollen no expediente de licitación 2025/CON_02/000078, segundo se recolle no acordo de Xunta de Goberno de data 04 de xullo de 2025.
A petición realizada ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática para a concesión da extensión da data límite para a execución do contrato realizaouse o día 07 de xullo de 2025.

**2º.-** O prazo de execución do proxecto está prorrogado ata o 30 de setembro de 2025. sen perxuízo de que se resolva favorablemente a petición realizada ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática para a concesión da extensión da data límite para a execución do contrato.

Para a execución do obxecto do contrato estímase unha duración de 2 meses, que como máximo debera finalizar unha semana antes de que finalice o prazo de execución final dos proxectos subvencionados.

**3º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**4º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**5º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 23/134 |

transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: LOURENZÁ–MONDOÑEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-2806 "Cazolga (LU-P-2804)– Oirán (LU-P-3101)", P.K. 0+000 a 3+772.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 02/09/2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"(...)

*Antecedentes*.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SGOPJDF72YXO7WBQSA4CVMM[2].
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras indicadas, con CSV: IV7SGOI6ZAVSZSE27VUDKRSCKQ.
3. Autorización de crédito, con CSV: IV7SGOP7PZXNLWBYU4QVJZQ7AQ.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7TUTSNBV47KT54SIQHJZYEKY.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7TUTS3D4MZTWN7WY6WM4ZE4U.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7TUXA4BAJTZ345YXYBGVDWAI.
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 20/06/2025 polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7TULXZN4J3X3V4UXXUGARAKA.
8. Publicación, o día 20/06/2025, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

[2]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 24/134 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 18/07/2025, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7TRSY2GBMO4TO2Y345AIDVJY.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7TTXL4ZNPY7FN66LXUMZIOMY, reunida en acto público con data 31/07/2025, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

| | |
|---|---|
| CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | 16,00 |

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

LOURENZÁ – MONDOÑEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-2806 "Cazolga (LU-P-2804) – Oirán (LU-P-3101)", p.k. 0+000 a 3+772

| | | | |
|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 204.799,71 | | CLASIFICACIÓN: |
| LCITACIÓN SEN IVE | 169.255,96 | | G-4-2 |
| IVE | 35.543,75 | | |
| VALOR ESTIMADO | 186.181,56 € | | |
| PRAZO DE EXECUCION: (MESES) | 3 | MAX 3.385,12 € | S/ LIC SEN IVE |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | DOC "A" | OBJETIVOS (80) | | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | PREZO (IVE incluído .- art 102) (57,50) | AUMENTO PRAZO GARANTÍA 3 ANOS (7,50) | PROGRAMA DIVULGACIÓN (5) | Plantel / Discapacitados |
| 1 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | | 204.799,00 € | NO | 50,00 | 43/0 |

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | OBXECTIVOS (80) | | | | | | XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20) | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO (57,50) | | AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 3 ANOS (7,50) | | PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5) | | MEMORIA TÉCNICA (30) | |
| | | | OFERTA (INCLUÍDO IVA) | | SI /NO 7,5 /0 | | MAXIMO 2% LIC SEN IVE | 3.385,12 € | SEGUNDO INFORME TÉCNICO | |
| | | | | PTOS | SI/NO | PTOS | IMPORTE | PTOS | PTOS | |
| 1 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 204.799,00 € | 57,50 | NO | 0,00 | 50,00 | 5,00 | 16,00 | 78,50 |

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | | 204.799,00 € |

| BAIXA |
|---|
| 153.599,78 |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 25/134 |

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

| EMPRESAS/ (GRUPO) | | TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL | 78,50 |

b) Requirir á mercantil Construcciones Isidro Otero SL, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 8.462,77 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Resolución da Presidencia de data 06/08/2025, con CSV: IV7T4D7ZAB6TZK76CJGSKD3BO4, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: Construcciones Isidro Otero SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

13. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 11/08/2025, rematando o prazo de presentación o día 26/08/2025.

14. Construcciones Isidro Otero SL, presentou a documentación requirida o 25/08/2025 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 26/134 |

Construcciones Isidro Otero SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Isidro Otero SL con C.I.F. B-27250182 a contratación da obra denominada LOURENZÁ– MONDOÑEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-2806 "Cazolga (LU-P-2804)– Oirán (LU-P-3101)", P.K. 0+000 a 3+772. (2025/CON_02/000073) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 20/06/2025 nos termos seguintes:
a. Prezo de 204.799,00 €, dos cales 35.543,63€ corresponden ao IVE (21%).
b. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 50,00€ mais IVE.
c. Cumprimento da oferta técnica.
d. Prazo de execución: previsto nos pregos (3 meses) coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, (5 días naturais).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 27/134 |

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Construcciones Isidro Otero SL con C.I.F. B-27250182 a contratación da obra denominada LOURENZÁ– MONDOÑEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-2806 "Cazolga (LU-P-2804)– Oirán (LU-P-3101)", P.K. 0+000 a 3+772. (2025/CON_02/000073) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 20/06/2025 nos termos seguintes:
a. Prezo de 204.799,00 €, dos cales 35.543,63€ corresponden ao IVE (21%).
b. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 50,00 € mais IVE.
c. Cumprimento da oferta técnica.
d. Prazo de execución: previsto nos pregos (3 meses) coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, (5 días naturais).
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

**4º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 28/134 |

**5º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.**

*Proposta de aprobación, se procede, relación co escrito da Alcaldía do Concello de Barreiros solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos Nº 34-35 incluídos no Plan Deputación 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Barreiros no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (34-35) incluídos no Plan Deputación 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.

2. Nas devanditas bases establécese, concretamente na base 15 “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións/substitucións de investimentos, poderán ser investidas por cada concello nos termos que se indican:
Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa).
Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2026, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 29/134 |

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.
Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o/s cartel/es como todo o relativo á xustificación.
Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados no mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de 2 meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2026.
(...)
As baixas na licitación non poderán aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria, non obstante, si poderán ser destinadas a diminuír o financiamento voluntario, nos investimentos, de cada Concello.

3. O Plan Deputación 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Barreiros presentou Anexo III de obras incluídas no plan Deputación, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| BARREIROS | 34 | PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE CAMIÑO REAL, ACCESOS EN TOXEIROS, LÓNGARA, AS FIGUEIRAS, DA LU-P0601 ATA ÁSPERA E DA N-634 A PONTE DE REXE | 1531.76201 | 12.735,82€ |
| | 35 | ACONDICIONAMENTO E MELLORA NO DEPÓSITO DE AUGA DA FOLGUEIROSA | 1610.76201 | 4.749,83€ |

5. Por escrito de data 04/09/2025 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BARREIROS | REM | PAVIMENTACIÓN E MELLORA DO CAMIÑO DE FONTELA Á LU-P-0607 | 1531.76201 | -- | 12.735,82€ | 12.735,82€ |
| | REM | LIQUIDACIÓN/ADICIONAIS ACONDICIONAMENTO E MELLORA NO DEPÓSITO DE AUGA DA FOLGUEIROSA | 1610.76201 | -- | 1.185,92€ | 1.185,92€ |

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Deputación 2025, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 30/134 |

7. Así mesmo, tendo en conta a solicitude do sinalado concello, e co establecido na base 16 das do Plan Deputación 2025, "...Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación".

*Conclusión*.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Barreiros, no Plan Deputación 2025.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Barreiros e incluír no Plan Deputación 2025, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

| CONCELLO | Nº | IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BARREIROS | REM | PAVIMENTACIÓN E MELLORA DO CAMIÑO DE FONTELA Á LU-P-0607 | 1531.76201 | -- | 12.735,82€ | 12.735,82€ |
| | REM | LIQUIDACIÓN/ADICIONAIS ACONDICIONAMENTO E MELLORA NO DEPÓSITO DE AUGA DA FOLGUEIROSA | 1610.76201 | -- | 1.185,92€ | 1.185,92€ |

**2º.-** Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 31/134 |

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/ SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.**

*Proposta de aprobación, se procede, en relacion co escrito da Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz, solicitando modificación/ substitución de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz no que solicita a substitución de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Deputación 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| NEGUEIRA DE MUÑIZ | 172 | CONSTRUCCIÓN ÁREA DE ESTACIONAMENTO PARA CONSERVACIÓN DE ESTRADAS E ITV EN O CARBALLÍN | 1,82€ | 29.909,99€ | 29.911,81 € |

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz a través de escrito de data 04/09/2025 solicita:

a) A substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Deputación 2025, concretamente o investimento nº 172, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica ".... por ser inviable a súa execución dacordo cos informes técnicos,...", polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| NEGUEIRA DE MUÑIZ | 172-A | CONSTRUCCIÓN ÁREA DE ESTACIONAMENTO PARA CONSERVACIÓN DE CARRETERAS E ITV EN NEGUEIRA | 1,37€ | 14.697,09€ | 14.698,46€ |
| | 172-B | ENSANCHE DE VIAL MUNICIPAL DE ACCESO A VILAUXÍN PARA DOTACIÓN DE ÁREAS DE ESTACIONAMENTO E MELLORA DA FLUIDEZ DO TRÁFICO | 2,92€ | 15.212,90€ | 15.215,82€ |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 32/134 |

6. A base 14, indica que "Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.
Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2025, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.
No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.
En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes".

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2025, é a Xunta de Goberno.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 33/134 |

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Negueira de Muñiz que se sinala, quedando incluído no Plan Deputación 2025.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz, e en consecuencia, aprobar a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Deputación 2025 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| NEGUEIRA DE MUÑIZ | 172-A | CONSTRUCCIÓN ÁREA DE ESTACIONAMENTO PARA CONSERVACIÓN DE CARRETERAS E ITV EN NEGUEIRA | 1,37€ | 14.697,09€ | 14.698,46€ |
| | 172-B | ENSANCHE DE VIAL MUNICIPAL DE ACCESO A VILAUXÍN PARA DOTACIÓN DE ÁREAS DE ESTACIONAMENTO E MELLORA DA FLUIDEZ DO TRÁFICO | 2,92€ | 15.212,90€ | 15.215,82€ |

**2º.-** Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

**3º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**

*1º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para mellorar as infraestruturas e servizos públicos no Concello de A Pontenova, ano 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"Asunto: informe favorable.

Visto o escrito remitido dende o Concello de A Pontenova (EXP. 2025/PES_03/016331) no que se solicita a formalización dun convenio para a execución das seguintes actuacións.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 34/134 |

| ACTUACIÓNS | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO APARCADOIRO DA PRAZA DOS FORNOS EN A PONTENOVA | 142.937,13 € |
| ANTEPROXECTO PARA A RECONSTRUCIÓN DO ESTRIBO DEREITO DA PONTE DO FONDÓN, A PONTENOVA | 37.841,35 € |
| ADQUISICIÓN DE CAMIÓN CON PLATAFORMA ELEVADORA PARA AS BRIGADAS MUNICIPAIS | 48.000,00 € |
| ADQUISICIÓN DE FINCAS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL | 10.000,00 € |
| ADQUISICIÓN DE IMPRESORA MULTIFUNCIÓN DO CONCELLO DA PONTENOVA | 7.260,00 € |
| ADQUISICIÓN DUN CONTADOR DEPÓSITO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA | 3.961,52 € |
| CUSTE TOTAL | 250.000,00 € |

por importe total de 250.000,00 € (que serán asumidas pola Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local.*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 35/134 |

económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.*

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 36/134 |

principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 37/134 |

deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
Réxime de modificación do convenio.
Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 38/134 |

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

*Conclusións.*

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Segunda.- O Municipio de A Pontenova, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira.- O borrador do convenio adecuase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xaneiro de 2025 coas adaptacións necesarias dada a natureza do obxecto do convenio que recolle varias actuacións.

Cuarta.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 250.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.“.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 39/134 |

E tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para mellorar as infraestruturas e servizos públicos no Concello de A Pontenova, ano 2025 por importe total de 250.000,00 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte:

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova para mellorar as infraestruturas e servizos públicos no Concello de A Pontenova, ano 2025.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Darío Campos Conde, Alcalde do Concello de A Pontenova, con N.I.F P2704800H e sede social na praza do Concello, s/n, CP 27720, A Pontenova, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 40/134 |

dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, debe rán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 41/134 |

concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 42/134 |

Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 43/134 |

teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 44/134 |

| ACTUACIÓNS | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO APARCADOIRO DA PRAZA DOS FORNOS EN A PONTENOVA | 142.937,13 € |
| ANTEPROXECTO PARA A RECONSTRUCIÓN DO ESTRIBO DEREITO DA PONTE DO FONDÓN, A PONTENOVA | 37.841,35 € |
| ADQUISICIÓN DE CAMIÓN CON PLATAFORMA ELEVADORA PARA AS BRIGADAS MUNICIPAIS | 48.000,00 € |
| ADQUISICIÓN DE FINCAS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNI-CIPAL | 10.000,00 € |
| ADQUISICIÓN DE IMPRESORA MULTIFUNCIÓN DO CONCELLO DA PONTENOVA | 7.260,00 € |
| ADQUISICIÓN DUN CONTADOR DEPÓSITO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA | 3.961,52 € |
| CUSTE TOTAL | 250.000,00 € |

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 250.000,00 € | 0,00 € |
| TOTAL: 250.000,00. € | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de A Pontenova.

Terceira.- Fin común.
Coa formalización do presente convenio preténdese asegurar a dispoñibilidade de infraestruturas e medios materiais suficientes para atender ás necesidades actuais e futuras da poboación, en condicións de eficacia, seguridade e igualdade, de acordo cos principios de legalidade, eficiencia e servizo á cidadanía que deben rexer a actuación das entidades locais.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 45/134 |

4.1. Deputación Provincial de Lugo.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.
Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.
4.2. O Concello de A Pontenova.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Pontenova, comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
5. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 30 de setembro de 2026.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
13. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras).

Quinta.- Réxime económico.
A) Achegas:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 46/134 |

2.-Achega do Concello.
O Concello de A Pontenova financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.
B) Titularidade do resultado da cooperación:
O resultado da cooperación será de titularidade municipal.
C) Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de A Pontenova se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2026.
Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas e pagadas.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións realizadas.
Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Resolución ou acordo de adxudicación (no suposto de obras).
Escritura pública (no suposto de adquisición de inmobles)
Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 47/134 |

conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo
O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria. un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.
Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:
Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)
Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 48/134 |

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026 respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 49/134 |

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
O Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.- Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 50/134 |

profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.
Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)”.
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 51/134 |

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe."

**2º.-** A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*2º.- Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova coa finalidade común de colaborar na execución do investimento: Mellora da rede viaria en Conforto.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins común de Mellora da rede viaria en Conforto, consta no mesmo:

1. Solicitude do Concello de A Pontenova con número de expediente no GTM: 2025/PES_03/012892, que inclúe ademais:
a. Proxecto do investimento.
2. Informe de existencia de crédito con CSV: IV7TZWLSDTXLRG636QHHD72QMM.
3. Memoria de impacto económico, con CSV: IV7TZX3ZKAPIUWPYAXYVKMKPKU.
4. Borrador de convenio con CSV: IV7T2TICJXRYVNMLQJ4NEP2VOU.
5. Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7TZX3ZEA7M5NF64UYWG5IPGA.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio interadministrativo e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 52/134 |

**1º.-** Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Mellora da rede viaria en Conforto, do seguinte teor literal:

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes en: Mellora da rede viaria en Conforto.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don Darío Campos Conde, que actúa en nome e representación do concello de A Pontenova, con C.I.F. P2704800H e sé social en Praza do Concello, s/n 27720 A Pontenova-, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcalde.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 53/134 |

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.
(...)
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, aa normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicable neste caso ás dúas administracións municipais) como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 54/134 |

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 55/134 |

asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 56/134 |

solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.
O concello de A Pontenova, de acordo co artigo 25 da lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Así, e consonte a este precepto, o municipio exercerá en todo caso competencias propias, nos termos de lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras en materias como urbanismo, medio ambiente urbano, abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade, (...).
O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que "os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, limpeza viaria, saneamento, acceso a núcleos, pavimentación de vías, (...)". O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: "nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)"
O concello de A Pontenova, é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procurar unha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 57/134 |

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A Deputación de Lugo e o concello de A Pontenova exercen competencias compartidas en materia de infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade, (é imperativo da lexislación de réxime local e da sectorial de estradas), respecto aos concellos como competencias propias e a Deputación na súa atribución de cooperación e asistencia técnica, económica e xurídica; e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.
Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.
En canto a accesos a núcleos e melloras en camiños e estradas, a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando "ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares". Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas " ... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas". É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, "mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares" e 33.6 da amentada Lei, "correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias".
Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 –cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- "(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 58/134 |

urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

Décimo.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., (neste caso a mellora da rede viaria no núcleo de Conforto) e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local, para dar cumprimento á aspiración de mellora das infraestruturas viais, mobilidade e mesmo medio ambiente urbano, e enmarcase no desenvolvemento das potestades de auto organización e sistemas de cooperación horizontal, configúrase como unha acción pública colaborativa, institucionalizada mediante convenio.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interaministrativa de cooperación entre o Concello de A Pontenova e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para a execución das actuacións que se detallan deseguido, comprometéndose a realizar as achegas económicas que se sinalan:

| INVESTIMENTO | ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|---|
| MELLORA DA REDE VIARIA EN CONFORTO | 137.151,71€ | -- |

O concello de A Pontenova aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 59/134 |

Segunda.- Ámbito territorial
O ámbito de desenvolvemento dos investimentos que son obxecto do presente convenio correspóndese coa provincia de Lugo; e, concretamente, no termino municipal de A Pontenova.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
3.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1) Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 137.151,71€ con cargo ao orzamento do 2025.
2) Redacción do proxecto necesario para que o Concello tramite as actuacións necesarias para a dispoñibilidade / titularidade dos terreos.
3) A Deputación actuará como órgano de Contratación e executará as obras de acordo co proxecto de execución do investimento redactado polo Servizo de Vías e Obras, conforme aos prazos establecidos no proxecto, incluída a recepción das obras nos termos legalmente establecidos, unha vez consten nesta Deputación as licenzas e autorizacións necesarias para a execución do investimento, incluído a dispoñibilidade dos terreos.
4) Asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións obxecto deste Convenio, con medios propios e/ou a través dos procedementos de licitación previstos na LCSP.
5) En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducirase a achega nese importe. Non obstante ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollidas na certificación final.
6) O prazo de execución do investimento obxecto do convenio será o que resulte da licitación, debendo estar, inicialmente, entre o que abarca o convenio, dende o 01/01/2025 ata o 30/09/2026.
7) Remitir ao concello de A Pontenova comunicación da recepción das obras, ao efecto da entrega das mesmas, para o seu adecuado mantemento.
8) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables
3.2. Concello de A Pontenova.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo, o Concello de A Pontenova comprométese ao seguinte:
a) Poñer á disposición da Deputación os terreos precisos para a execución do investimento obxecto do convenio.
b) Achegar os permisos e autorizacións que sexan obrigatorias para a execución do proxecto, así como outorgar as autorizacións e licenzas que sexan de competencia municipal sen custe para a Deputación.
c) Asumir o financiamento do importe que reste e resulte necesario, de ser o caso, para a execución do investimento, sempre que se supere o inicialmente previsto.
d) Asumir a titularidade dos resultados obtidos, unha vez entregados pola Deputación Provincial, conservalos e mantelos, segundo a finalidade.
e) Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos, e en xeral, en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 60/134 |

Concello, co obxecto de lograr o fin do presente convenio, así como facilitar a información requirida en relación coa relación de cooperación obxecto do convenio.
f) Asumir as responsabilidades que puideran ser derivadas de incumprimentos das obrigas do concello.
g) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.
A. Achegas
1. Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará a achega total prevista na cláusula primeira para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo co desglose que figura na indicada cláusula.
O importe total a achegar pola Deputación de Lugo será con cargo ás aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo que se indican:

| Concepto | Importe | Aplicación orzamentaria |
|---|---|---|
| MELLORA DA REDE VIARIA EN CONFORTO | 137.151,71€ | 25/1531.65009 |

2. Achega do Concello:
O Concello de A Pontenova aportará tódolos terreo precisos, permisos e autorizacións necesarias para executar e poñer en funcionamento a actuación obxecto do presente convenio.
3. Titularidade dos resultados:
O Concello de A Pontenova será titular do resultado da cooperación: Mellora da rede viaria en Conforto, unha vez entregada pola Deputación, coa obriga de apertura e dedicación ao fin e uso público que lle son propios, conservación e mantemento.

Quinta.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 01 de xaneiro de 2025 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a factura na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 61/134 |

Sexta.- Modificación
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respetando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O incumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/205.
A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por Resolución da Presidencia.

Oitava.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o que o sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
1. Velar polo cumprimento deste convenio.
2. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
5. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 62/134 |

Así mesmo, de ser o caso, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, incorporaranse os logotipos institucionais da Deputación Provincial de Lugo e os que facilite, de ser o caso, o Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, deberá cumprirse o requisito de que sexan en galego.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras, e comprométense a difundir a actuación e a colaboración de ambas entidades no fin común perseguido, a través do cartel de obra.

A Deputación e o Concello comprométense a cumprir coas determinacións dos artigos 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Décima.- O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio interadministrativo.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 63/134 |

ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ambito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.
Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)”.
As partes comprométense a resolver de xeito amistoso calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa”),* non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

**2º.**-Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 137.151,71 €, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2025.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*3º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no Concello de Castroverde, ano 2024.*




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 64/134 |

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2025/PES_03/016421) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 5 de decembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:
“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no Concello de Castroverde, ano 2024 por importe total de 447.180,78 € (...)
Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 223.590,39 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no concello de Castroverde, ano 2024 formalizouse o 13 de decembro de 2024.

Terceiro.- O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 12 de decembro de 2024 (2024RT021554), escrito escrito no literalmente se solicita o seguinte:
“A admisión de contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto do referido convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas.”

Cuarto.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 20 de decembro de 2024, acordou aprobar a a modificación do convenio convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 65/134 |

Concello de Castroverde, ano 2024 formalizado o 13 de decembro de 2024 para incorporar a posibilidade de incorporar contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto do referido convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas.

Quinto.- A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no concello de Castroverde, ano 2024 formalizouse o 23 de decembro de 2024.

Sexto.- O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 3 de setembro de 2025 (2025RPE013854), escrito escrito no literalmente se solicita o seguinte:
"(...) Que, por causas alleas á vontade desta entidade, consistentes en atrasos na execución das obras, resulta materialmente imposible finalizar as actuacións dentro do prazo previsto. Que esta situación fai necesario solicitar unha ampliación do prazo, a fin de poder completar as actuacións comprometidas e presentar a correspondente xustificación de conformidade co convenio.
Solicita:
Que se acorde a concesión dunha prórroga do prazo de execución e xustificación das actuacións previstas no mencionado convenio interadministrativo de cooperación, fixando como nova data límite o 30 de novembro de 2025, co obxecto de garantir a adecuada finalización das obras e a súa correcta xustificación."

*Consideracións xurídico- administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.
"(...)
4.2. O Concello de Castroverde:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Castroverde, comprométese ao seguinte:
(...)
3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 31 de outubro de 2025.
(...)".

Na cláusula Quinta.- Réxime económico.
"(...)
C) Xustificación da achega económica.
O prazo previsto para que dende o concello de Castroverde se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.
(...)"

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 66/134 |

"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público."

Na cláusula Oitava.- Modificación.
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."

Segunda.- No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

"1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.
(...)
3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.
(...)".

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

*Conclusións*.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 67/134 |

Por todo o exposto, e tendo en conta que:
O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.
Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).
O novo prazo non excede da metade do prazo previsto.
Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada polo representante do Concello de Castroverde nos termos da segunda addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia."

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a segunda addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no concello de Castroverde, ano 2024 cuxo contido é o seguinte:

*Segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no Concello de Castroverde, ano 2024.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra parte, don Xosé María Árias Fernández, alcalde do Concello de Castroverde , con N.I.F P-2701100F e sede na Prazo do Concello, 2, 27120, Castroverde, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 5 de decembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 68/134 |

"Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no Concello de Castroverde, ano 2024 por importe total de 447.180,78 € (...)
Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 223.590,39 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral."

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no concello de Castroverde, ano 2024 formalizouse o 13 de decembro de 2024.

Terceiro.- O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 12 de decembro de 2024 (2024RT021554), escrito escrito no literalmente se solicita o seguinte:
"A admisión de contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto do referido convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas."

Cuarto.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 20 de decembro de 2024, acordou aprobar a a modificación do convenio convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no concello de Castroverde, ano 2024 formalizado o 13 de decembro de 2024 para incorporar a posibilidade de incorporar contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto do referido convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas.

Quinto.- A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións -inversións- no Concello de Castroverde, ano 2024 formalizouse o 23 de decembro de 2024.

Sexto.- O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 3 de setembro de 2025 (2025RPE013854), escrito escrito no literalmente se solicita o seguinte:
"(...) Que, por causas alleas á vontade desta entidade, consistentes en atrasos na execución das obras, resulta materialmente imposible finalizar as actuacións dentro




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 69/134 |

do prazo previsto. Que esta situación fai necesario solicitar unha ampliación do prazo, a fin de poder completar as actuacións comprometidas e presentar a correspondente xustificación de conformidade co convenio.

Solicita:
Que se acorde a concesión dunha prórroga do prazo de execución e xustificación das actuacións previstas no mencionado convenio interadministrativo de cooperación, fixando como nova data límite o 30 de novembro de 2025, co obxecto de garantir a adecuada finalización das obras e a súa correcta xustificación."

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente segunda addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas cuarta e quinta do convenio, formalizado o 13 de decembro de 2024 e modificado o 23 de decembro de 2024, que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.
"4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución das inversións, reducir proporcionalmente as achegas das partes
Non obstante ditas baixas (no suposto de obras) poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.
4.2. O Concello de Castroverde:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Castroverde, comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 30 de novembro de 2025.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 70/134 |

6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo."

Cláusula Quinta.- Réxime económico.
"A) Achegas.
1.- Achega da Deputación.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 223.590,39 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.- Achega do Concello.
O Concello de Castroverde aportará 223.590,39 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
B) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será de titularidade do concello de Castroverde
C) Xustificación da achega económica.
O prazo previsto para que dende o concello de Castroverde se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de novembro de 2025.
Admitiranse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto do convenio sempre que as mesmas estean totalmente executadas e pagadas.
No suposto de optar por contas xustificativas para cada unha das actuacións as aportacións das partes regularizaranse coa derradeira conta xustificativa.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións realizadas.
Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 71/134 |

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Resolución ou acordo de adxudicación das obras
Escritura pública (da adquisición da parcela)
Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 72/134 |

Segunda.- As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 13 de decembro de 2024 e modificado con data 23 de decembro de 2024, esta segunda addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente segunda addenda de modificación do que como Secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*4º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Castroverde, ano 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"Asunto: informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2025/PES_03/016655) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 18 de xullo de 2025, acordou aprobar a seguinte proposta:
"Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento de varías actuacións. ano 2025 por importe total de 562.677,58 € (dos que 281.338,79 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 281.338,79 € serán financiados polo Concello de Castroverde) cuxo contido é o seguinte: (...).




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 73/134 |

Segundo.- A aprobación do gasto, por importe de 281.338,79 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio."

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o con-cello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Castroverde, ano 2025 formalizouse o 24 de xullo de 2025.

Terceiro.- O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 8 de setembro de 2025 (2025RPE014059), escrito escrito no literalmente se solicita o seguinte:
"(...)
Expón:
1.Que mediante o Convenio interadministrativo de cooperación subscrito o día 24 de xullo de 2025 entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde - (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025), formalizouse a colaboración entre as administracións asinantes para a execución de diversas actuacións de mellora de infraestruturas.
2.Que no citado convenio, recollése entre outras actuacións, o "Pavimentado de acceso a miranda con formigón desactivado", co seguinte orzamento (…).
3. Que, atendendo a criterios de funcionalidade e integración co entorno, considérase máis acaído realizar a actuación de pavimentación con formigón no núcleo de Miranda, en lugar da actuación inicialmente prevista, co seguinte orzamento (...)
4. Que a modificación proposta non implica, en ningún caso, variación no importe conómico total establecido no convenio, mantendo as obrigas e compromisos previamente asumidos polas partes.
Por todo isto,
Solicito, que se tramite a modificación do convenio interadministrativo para substituír a actuación de "Pavimentado de acceso a Miranda con formigón desactivado" pola de "Pavimentación con formigón no núcleo de Miranda", sen alteración algunha do importe económico establecido."

*Consideracións xurídico- administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026 respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Na cláusula Oitava.- Modificación.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 74/134 |

"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo"

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

*Conclusións*.

Tendo en conta que:
O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.
Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).
Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros,
e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada polo representante do Concello de Castroverde nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia."

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Castroverde, ano 2025 cuxo contido é o seguinte:

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento de varías actuacións. ano 2025.*

*Reunidos*.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 75/134 |

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra parte, don Xosé María Árias Fernández, alcalde do Concello de Castroverde , con N.I.F P-2701100F e sede na Prazo do Concello, 2, 27120, Castroverde, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 18 de xullo de 2025, acordou aprobar a seguinte proposta:
"Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento de varías actuacións. Ano 2025 por importe total de 562.677,58 € (dos que 281.338,79 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 281.338,79 € serán financiados polo concello de Castroverde) cuxo contido é o seguinte: (...).
Segundo.- A aprobación do gasto, por importe de 281.338,79 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio."

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o con-cello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actua-cións no concello de Castroverde, ano 2025 formalizouse o 24 de xullo de 2025.

Terceiro.- O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 8 de setembro de 2025 (2025RPE014059), escrito escrito no literalmente se solicita o seguinte:
"(...)
Expón:
1. Que mediante o Convenio interadministrativo de cooperación subscrito o día 24 de xullo de 2025 entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde - (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025), formalizouse a colaboración entre as administracións asinantes para a execución de diversas actuacións de mellora de infraestruturas.
2. Que no citado convenio, recollése entre outras actuacións, o "Pavimentado de acceso a miranda con formigón desactivado", co seguinte orzamento (…).




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 76/134 |

3. Que, atendendo a criterios de funcionalidade e integración co entorno, considérase máis acaído realizar a actuación de pavimentación con formigón no núcleo de Miranda, en lugar da actuación inicialmente prevista, co seguinte orzamento (...)
4. Que a modificación proposta non implica, en ningún caso, variación no importe conómico total establecido no convenio, mantendo as obrigas e compromisos previamente asumidos polas partes.
Por todo isto,
Solicito, que se tramite a modificación do convenio interadministrativo para substituír a actuación de "Pavimentado de acceso a Miranda con formigón desactivado" pola de "Pavimentación con formigón no núcleo de Miranda", sen alteración algunha do importe económico establecido."

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula primeira do convenio que quedará redactada no seguinte senso:

Cláusula Primeira.- Obxecto.
"Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se relación das actuación que se relacionan a continuación:

| Actuacións | CUSTE (IVE engadido) |
|---|---|
| REXENERACIÓN DO FIRME ASFÁLTICO EN VÍAS DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE CASTROVERDE E HONORARIOS TÉCNICOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 236.774,98 € |
| ACTUACIÓNS DE FORMIGONADO NOS LUGARES DE O COUSO, ESPASANDE, O LATADAL, OUTEIRO, SAN PAIO E MOREIRA (CONCELLO DE CASTROVERDE) E HONORARIOS TÉCNICOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 171.077,39 € |



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 77/134 |

| Actuacións | CUSTE (IVE engadido) |
|---|---|
| BACHEO DE PAVIMENTO BITUMINOSO NO ACCESO DENDE FURÍS DE ARRIBA A O LATADAL E NOS NÚCLEOS DE TÓRDEA, ESPASANDE, OUTEIRO E SAN XULIANA E HONORARIOS TÉCNICOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente). | 48.379,55 € |
| PAVIMENTACIÓN CON FORMIGÓN NO NÚCLEO DE MIRANDA (CONCELLO DE CASTROVERDE) E HONORARIOS TÉCNICOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 46.910,48 € |
| PROLONGACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO MUNICIPAL Ó NÚCLEO DE COVELAS (CONCELLO DE CASTROVERDE) E HONORARIOS TÉCNICOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 32.925,15 € |
| RASANTEO E COMPACTACIÓN DE CAMIÑO AGRÍCOLA NO LUGAR DE A VALIÑA (CONCELLO DE CASTROVERDE) E HONORARIOS TÉCNICOS (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 26.610,03 € |
| CUSTE TOTAL (IVE ENGADIDO) | 562.677,58 € |

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 281.338,79 € | 281.338,79 € |
| 562.677,58 € | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida."

Segunda.- As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 24 de xullo de 2025, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*5º.- Proposta de aprobación da concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, a favor da entidade Asociación Recreativo Cultural Os do 21, para*




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 78/134 |

*colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mantemento e funcionamento da entidade", polo importe de 21.839,29€, na anualidade 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable o seguinte:

"Vista a documentación remitida por dona Noelia Piñeiro García, en nome e representación da entidade Asociación Recreativo Cultural Os do 21, con NIF G27016468 na que solicita unha subvención directa de carácter excepcional co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mantemento e funcionamento da entidade", polo importe de 21.839,29 €, na anualidade 2025. (Expte. núm. 2025/OSB_01/000061), procede emitir o seguinte informe:

Na documentación aportada (concretamente nos Anexos normalizados e nos estatutos) consta a denominación de Asoc. Recreativa Cultural Os do 21 sen embargo dende este centro xestor se toma en consideración a denominación que figura no NIF da entidade (Asoc. Recreativo Cultural Os do 21).

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de xaneiro de 2023, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións trianual (anualidades 2023-2025), o cal foi publicado no BOP de Lugo núm. 028 do 3 de febreiro de 2023.

Segundo.- Os Orzamentos Xerais do ano 2025 da Deputación foron definitivamente aprobados por acordo plenario de data 27 de decembro de 2024 e entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2025.
O anexo de subvencións nominativas e de créditos dispoñibles para as subvencións do ano 2025 foi modificado definitivamente, ao non presentarse alegacións á súa aprobación inicial no Pleno en sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2025, sendo publicado no BOP de Lugo nº 073 o 29 de marzo de 2025.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 79/134 |

Terceiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 24 de xaneiro de 2025, aprobou a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións trianual (anualidades 2023-2025) a través do Anexo I de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2025.
Como consecuencia da modificación, do anexo de subvencións nominativas e de créditos dispoñibles para as subvencións, dos orzamentos xerais da Deputación para o ano 2025, este mesmo órgano aprobou, en sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2025, a modificación do Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2025 do Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2023-2025, publicada no BOP de Lugo nº 078 o 4 de abril de 2025, para adaptalo a dita modificación.

Cuarto.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día dezasete de xaneiro de dous mil vinte e cinco, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:
"Primeiro.- Aprobar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación.
Anexo I. Solicitude
Anexo II. Certificado do secretario/a da entidade solicitante.
Anexo III. Autorización para subcontratar nos supostos do artigo 29.3 e 29.7 d) da LXS.
Anexo IV: Declaración de obter os permisos e autorizacións pertinentes.
(...)
Segundo.- Aprobar as instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional e sobre a documentación que debe acompañar aos mesmos.
(…)
Terceiro.- Aprobar os convenios tipo (en galego e en castelán) canalizadores das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación:
Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades privadas ou entidades públicas que non sexan Ad-ministracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.
Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidade Aprobar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional.
(...)
Quinto.- Determinar que:
Soamente se poderá solicitar anticipo con dispensa de garantía, cando se trate de subvencións directas de carácter excepcional, ata un máximo do 50% da subvención solicitada e en circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.
Se publicara na páxina web do ente provincial:
a) os modelos normalizados (Anexos) de solicitude e de xustificación.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 80/134 |

b) As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).
(…)
Os convenios tipo poderán ser obxecto de adaptación en casos excepcionais previo informe favorable da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio."

Quinto.- Consta providencia, de Presidencia, de impulso de expediente onde se establece o seguinte:
"Vista a solicitude realizada por dona Noelia Piñeiro García, en nome e representación da entidade Asociación Recreativo Cultural Os do 21, na que solicita unha subvención directa de carácter excepcional co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mantemento e funcionamento da entidade", polo importe de 21.839,29€, na anualidade 2025. (Expte. núm. 2025/OSB_01/000061), esta Presidencia impulsa a súa tramitación a través da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento en base as seguintes consideracións:
Primeiro.- O obxecto da amentada subvención ten encaixe dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de "conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.)".
Dentro desta mesma liña prevese, entre outros, o obxectivo específico de "Promover, fomentar e colaborar na creación e mantemento de entidades que persigan obxectivos que redunden na xeración de riqueza e benestar, en xeral para a provincia". Neste sentido, coa actuación obxecto de subvención, téntase manter e conservar o normal funcionamento dunha entidade de carácter colectivo que desenvolve actividades a prol da comunidade, e desta forma, tentar garantir a súa continuidade e viabilidade futura, e por ende, xerar riqueza e benestar para o conxunto da provincia.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 81/134 |

Segundo.- O outorgamento desta subvención realízase ao amparo do previsto no artigo 22.2 apartado c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), xa que:
Concorren razóns de interese público, social e económico:
No obxecto da subvención concorren evidentes razóns de interese público, social, e tamén económico, xa que co mesmo trátase de garantir e manter a continuidade das actividades desenvoltas pola entidade promotora ao longo da anualidade 2025, e por ende, tamén a súa viabilidade e pervivencia futuras.
O feito de que a entidade promotora se configure como moi representativa, e con enorme repercusión, a nivel local, e tamén comarcal, tanto polas actividades que desenvolve, como polo papel que representa na vida e na sociedade, infúndenlle á actuación un interese público e social incuestionable, pois coa mesma preténdese manter e garantir a continuidade das súas actividades, e por ende, a da propia entidade. Neste sentido, poder manter e garantir a continuidade das actividades a desenvolver na anualidade 2025 pola entidade promotora, configúrase como a estratexia máis adecuada e idónea para garantir tamén a súa viabilidade, e por ende, xerar riqueza para o territorio, no seu aspecto máis amplo.
En resumo, o interese público e social da actuación a subvencionar deriva da importancia de que a entidade promotora poida manter e seguir desenvolvendo as súas actividades ao longo do ano 2025, así como no futuro, ao considerarse que desenvolve unha labor crucial e de gran importancia, tanto a nivel local, como comarcal, e mesmo provincial, para a xeración de riqueza social e territorial, no seu conxunto, e que se considera estratéxica e necesaria.
Dificultade para levar a cabo unha convocatoria pública:.
Na actuación obxecto de subvención concorre unha circunstancia excepcional, impredecible e pouco habitual, tanto polas súas características, como polo suxeito no que concorren. Neste sentido, non se ten coñecemento da existencia doutras entidades tan representativas dun colectivo que (con independencia do seu ámbito de actuación), e pola concorrencia dunha circunstancia excepcional condicionante, se encontren nunha situación crítica que lles impida continuar coa súa actividade ordinaria, e por ende, condicionada a súa continuidade e pervivencia futuras. Así, a concorrencia dunha situación e circunstancias tan excepcionais e pouco comúns e impredecibles, xunto coa singularidade e importancia que ostenta a entidade promotora, condicionan e dificultan en gran medida, por non dicir que fan carente de sentido, desenvolver unha convocatoria pública na que enmarcar a actuación, e na que puideran participar outras entidades ou colectivos semellantes.
Por outro lado, realizar unha convocatoria pública baixo a modalidade de concorrencia competitiva, esixe realizar uns determinados trámites e cumprir uns prazos, máis complexos e amplos, non quedando garantido desa forma, que se acaden os obxectivos pretendidos, na forma e no menor tempo posible, como ocorre neste caso.
Polo tanto, as circunstancias excepcionais que concorren neste caso, xunto coa necesidade de actuación inmediata, unido á singularidade que representa a entidade beneficiaria e promotora, condicionan que se realice unha convocatoria pública na que puidese ter encaixe a actuación.
Carácter singular do obxecto da subvención.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 82/134 |

A actuación obxecto de subvención posúe un carácter singular inigualable e relevante, xa que trata de garantir o funcionamento, a continuidade e a viabilidade dunha entidade representativa no territorio, nunha zona rural, e que se considera referente e estratéxica para a vida social da veciñanza. Desta forma, man-tendo o funcionamento da entidade promotora, mantense o desenvolvemento de actividades dirixidas á veciñanza, en diferentes eidos, e especialmente a cultura e o folclore galego, ao tempo que se fomenta a participación cidadá e o asociacionismo e se contribúe á cohesión social e a dinamización do concello de O Vicedo.
Polo tanto, na actuación obxecto de subvención conflúe un amplo e variado abano de actividades e fins que a singularizan respecto doutros cos que se puidera comparar."

Sexto.- O representante da entidade beneficiaria solicita o aboamento anticipado do 50 % sobre o importe total da subvención solicitada, é dicir, a cantidade de 10.919,65€, con dispensa de garantía, declarando que presenta notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actuación obxecto da subvención doutro xeito.

*Consideracións xurídico administrativas.*

Primeira.- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), establece no seu artigo 22.2 c) que, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
O Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), determina no artigo 67 que, "Poderán concederse directamente, con carácter excepcional, as subvencións a que se refire a letra c) do apartado 2 do artigo 22 da LXS." No mesmo senso se expresa o artigo 19.4 apartado c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Na base 24 de execución dos Orzamentos da Deputación da anualidade do 2025 establécese o seguinte:
"(...)
3. Principios Xerais
(...)
Concesión directa: As subvencións poderán outorgarse directamente, non sendo preceptiva a concorrencia competitiva nin a publicidade, nos seguintes casos:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 83/134 |

(...)
Con carácter excepcional aquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
(...)".
E no mesmo senso, se pronuncia o artigo 25 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación (publicada no BOP de Lugo núm. 009, do 11 de xaneiro de 2024 e a corrección de erros no BOP de Lugo núm. 038 do 15 de febreiro de 2025).

Segunda.- Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación disponse o seguinte:
Artigo 1. obxecto
"(...)
A concesión de subvencións que se realice ao amparo desta Ordenanza Xeral de Subvencións deberá estar vinculada a algún do obxectivos das Liñas das diversas Áreas do Plan Estratéxico de Subvencións vixente".
Artigo 28. Subvencións de concesión directa por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública
"1. Con carácter excepcional, poderán concederse directamente subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
2. Estas subvencións non poderán superar o limite establecido nas bases de execución do orzamento e/ou no Plan estratéxico de Subvencións vixentes.
3. O procedemento de concesión iniciarase a instancia de suxeito interesado.
4. Iniciado o procedemento, deberá emitirse:
Informe subscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.
Borrador de convenio canalizador da subvención, subscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple o réxime xurídico ao que se axustará a subvención, e que necesariamente haberá de manifestarse sobre os seguintes extremos:
a) O obxecto da subvención e os seus beneficiarios.
b) O crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario cando fosen varios.
c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración, ente público ou privado, nacional, comunitario europeo ou internacional.
d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios.
e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 84/134 |

5. Adoptarase o correspondente acto de concesión, previa fiscalización da Intervención provincial, ao que seguirá a firma do correspondente convenio canalizador.
A concesión destas subvencións realizarase por quen se determine nas bases de execución do orzamento e no Regulamento Orgánico da Deputación.”

Terceira.- Órgano competente para a concesión da subvención.
O artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo establece que os órganos competentes para a concesión de subvencións serán son os que se determinen no Regulamento Orgánico da Deputación e nas Bases de execución do seu orzamento xeral.
Na base 24.4 de execución dos Orzamentos da Deputación da anualidade do 2025 disponse o seguinte:
“(...)
Concesión directa: O órgano competente para o seu outorgamento é o Presidente a proposta do Delegado correspondentes sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores. (…)”

Cuarta.- Trámites procedimentais.
No que se refire aos trámites procedimentais, relativos á aprobación do convenio que instrumenta a axuda, á concesión da subvención e á aprobación do gasto, e tendo en conta o disposto na Base 36 de execución do orzamento provincial para o ano 2025, que regula o alcance da fiscalización de gastos e ingresos, deben constar no expediente administrativo os seguintes documentos:
Que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.
Se é o caso, existencia de Convenio regulador da subvención.
Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Informe ou proposta da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
Así mesmo, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, o requisito de existencia de crédito adecuado e suficiente para a tender ás obrigas de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 85/134 |

contido económico que se deriven da concesión da subvención (art. 9.4.b) LXS e 6.4b) LSG).

Quinta.- A lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 34.4 establece que, "(...) poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.
En ningún caso se poderán realizar pagos anticipados a beneficiarios cando solicitara a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso."
Prevé tamén que, a realización dos pagamentos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.
En sentido semellante se expresa o artigo 35.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, que determina que, "(...) Tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na convocatoria, acto de concesión ou convenio", (neste caso, no convenio canalizador da subvención).
En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se solicitou a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarado en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal, (Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio) sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
(…) a realización de pagos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na convocatoria, acto de concesión ou convenio."
Neste sentido, a base 24ª.8, de execución do orzamento provincial para o ano 2025 dispón que, "poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguales a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito. (...)".

*Conclusións.*

Primeira.- A finalidade da actuación da devandita subvención directa de carácter excepcional encaixa na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 da Deputación Provincial de Lugo.
Na mesma, establécese como obxectivo estratéxico: "conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 86/134 |

concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.)"
O obxectivo específico da mesma é o de Promover, fomentar e colaborar na creación e mantemento de entidades que persigan obxectivos que redunden na xeración de riqueza e benestar, en xeral para a provincia".

Segunda.- Queda acreditada, na providencia de impulso de expediente, a excepcionalidade da actuación a subvencionar e a dificultade de acudir a unha convocatoria pública.

Terceira.- A documentación aportada polo representante da entidade correspóndese coa aprobada por acordo da Xunta de Goberno na data do 17 de xaneiro de 2025 (modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas excepcionais por importe igual ou superior de xeito individual a 15.000,00 €).
Polo que á vista da documentación e os datos que obran neste expediente, considérase que o obxecto desta subvención atópase comprendido dentro das motivacións definidas anteriormente, e que o beneficiario reúne os requisitos para optar á subvención. Así mesmo, consta no expediente xustificación ou declaración responsable do representante da entidade, de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

Cuarta.- Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións (BDNS) coa seguinte descrición:

| EPÍGRAFE | CÓDIGO | DESCRICIÓN |
|---|---|---|
| SECTOR ECONÓMICO | 94 | Actividades asociativas |
| FINALIDADE | 18 | Outras actuacións de carácter económico |
| IMPACTO DE XÉNERO | 2 | Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación. |
| INSTRUMENTO DE AXUDA | SUBV | Subvención e entrega diñeraria sen contraprestación |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 87/134 |

Quinta.- Consta informe favorable de intervención sobre la existencia de crédito, por importe de 21.839,29€, na aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente orzamento xeral.

Sexta.- Tendo en conta que non se aprecia risco de incumprir as obrigas que se deriven do convenio canalizador da subvención, procede, ao amparo do establecido no artigo 42.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (relativo ao réxime xeral de garantías) e na base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, que o aboamento da subvención se realice mediante un anticipo a conta do 50 % sobre o importe total da subvención solicitada, é dicir, a cantidade de 10.919,64€, con dispensa de garantía, unha vez asinado o convenio canalizador desta subvención, cumprindo os trámites establecidos ao efecto, e aboando o 50% restante, é dicir, 10.919,65€, unha vez aprobada a documentación xustificativa da subvención.
Non obstante, a conxuntura e a estratexia da estabilidade orzamentaria e/ou equilibrio orzamentario ou ben a regra de gasto, pode demandar que se demore este acto administrativo de aprobación do anticipo, cunha previa solicitude dos interesados, unha vez asinado o convenio e en función do grado efectivo de execución.
En base ao anteriormente exposto, e tendo en conta que o beneficiario reúne os requisitos para optar a subvención de carácter excepcional solicitada, informase favorablemente que pola Xunta de Gobenro se adopte o seguinte acordo:

1. Que se aprobe a concesión da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 21.839,29€, a favor da entidade Asociación Recreativo Cultural Os do 21 para sufragar os gastos derivados da actuación "Mantemento e funcionamento da entidade", na anualidade 2025, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no Anexo I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2025), na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia.

2. Que se aprobe o gasto por importe de 21.839,29 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, a favor da entidade Asociación Recreativo Cultural Os do 21, para sufragar os gastos derivados da actuación "Mantemento e funcionamento da entidade", na anualidade 2025.

3. Que se aprobe o borrador do convenio en galego a través do que se instrumenta a citada subvención directa de carácter excepcional, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual (conta xustificativa ordinaria en base ao establecido no artigo 31.2 da OXS) aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 17 de xaneiro de 2025."

E tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 88/134 |

**1º.-** Aprobar a concesión da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 21.839,29€, a favor da entidade Asociación Recreativo Cultural Os do 21 para sufragar os gastos derivados da actuación "Mantemento e funcionamento da entidade", na anualidade 2025, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no Anexo I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2025), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia.

**2º.-** Aprobar o gasto por importe de 21.839,29€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, a favor da entidade Asociación Recreativo Cultural Os do 21, para sufragar os gastos derivados da actuación "Mantemento e funcionamento da entidade", na anualidade 2025.

**3º.-** Aprobar o borrador do convenio en galego a través do que se instrumenta a citada subvención directa de carácter excepcional, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00€ de xeito individual (conta xustificativa ordinaria en base ao establecido no artigo 31.2 da OXS) aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 17 de xaneiro de 2025, cuxo contido é o seguinte:

"*Convenio canalizador da subvención excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación Recreativo Cultural Os do 21, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mantemento e funcionamento da entidade" na anualidade 2025.*

*Interveñen*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 89/134 |

E doutra parte, dona Noelia Piñeiro García, na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade Asociación Recreativo Cultural Os do 21, en adiante beneficiaria, con NIF G27016468 e con sede social en , con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

*Manifestan*.

Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, aprobado pola Xunta de Goberno o 20 de xaneiro de 2023, así como no apartado c) de actuacións específicas previsibles para este exercicio económico 2025 do vixente Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2025, aprobado por ese mesmo órgano o 24 de xaneiro de 2025, e modificado o 28 de marzo de 2025, prevese na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, da Área funcional Presidencia, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).
Dentro desta mesma liña, prevese, entre outros, o obxectivo específico de "Promover, fomentar e colaborar na creación e mantemento de entidades que persigan obxectivos que redunden na xeración de riqueza e benestar, en xeral para a provincia".

Segundo.- Que por acordo da Xunta de Goberno, de data de de , aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 21.839,29€, a favor da beneficiaria, Asociación Recreativo Cultural Os do 21 co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mantemento e funcionamento da entidade", na anualidade do 2025.

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 21.839,29€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.

Cuarto.- A beneficiaria achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.
Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 90/134 |

2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- Obxecto do convenio.
O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación "Mantemento e funcionamento da entidade", na anualidade 2025. Esta actuación consiste no financiamento dos gastos necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade promotora ao longo do ano 2025, co fin de manter a súa continuidade e pervivencia. Os gastos de "comida para los participantes (asociación)" non se poderán imputar á Deputación (deben ser asumidos pola entidade beneficiaria).

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.
O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados pola beneficiaria da subvención, á cantidade total de 23.636,79€.
A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.
Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.
Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.
Da Deputación:
Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 21.839,29€, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 91/134 |

xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.
En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.
A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.
Da Beneficiaria:
Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.
Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiaria.
Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.
Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.
A realización da actividade subvencionada será obriga persoal da beneficiaria, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.
A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.
En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.
No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:
Que o contrato se celebre por escrito.
Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.
Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 92/134 |

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.
A beneficiaria será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.
A beneficiaria da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:
1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4) Que estean vinculadas coa beneficiaria.
5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.
No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada coa beneficiaria deberá cumprirse o seguinte:
a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.
A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.
De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), a beneficiaria será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.
O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 93/134 |

se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte da beneficiaria.
A beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, a beneficiaria desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.
Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.
O prazo inicialmente previsto para que a beneficiaria remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2026.
Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta).
De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación.
Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a beneficiaria sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

*Gastos subvencionables.*
Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2025.
Cando a beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 94/134 |

prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.
O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.
Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

*Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.*
A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada (os Anexos están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electronicamente polos suxeitos relacionados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas):
Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.
Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.
No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.
Anexo III. Declaración conxunta
Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 95/134 |

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.
Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.
Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.
Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data ________”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 96/134 |

Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen IVE- en obras).
Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.
Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación do custe realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.
O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 97/134 |

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento pola beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 98/134 |

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.
O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.
As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.
Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.
Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.
De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.
Así mesmo, infórmase á beneficiaria desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 99/134 |

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

| EPÍGRAFE | CÓDIGO | DESCRICIÓN |
|---|---|---|
| SECTOR ECONÓMICO | 94 | Actividades asociativas |
| FINALIDADE | 18 | Outras actuacións de carácter económico |
| IMPACTO DE XÉNERO | 2 | Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevexa modificación algunha desta situación |
| INSTRUMENTO DE AXUDA | SUBV | Subvención e entrega monetaria sen contraprestación |

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: http://www.deputacionlugo.gal/subvencions.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.
A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, a beneficiaria poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.
Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.
A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2025, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 100/134 |

finalización- será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.
O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban á beneficiaria, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio
O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.
O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.
A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:
1. Comprobar a execución polas beneficiarias das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 101/134 |

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.
As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdicional contencioso-administrativa.

*Cláusulas adicionais.*

Primeira.- Anticipo.
A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50 % sobre o importe total subvencionado, é dicir, 10.919,64€, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.
A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.
De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguales a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.
En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarias cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.
O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 102/134 |

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 17 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA SOBRE O PREZO XUSTO DE BENS EXPROPIADOS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vistas as resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia, adoptadas en relación co expediente expropiatorio conseguinte ao proxecto ANTAS DE ULLA.- Acondicionamento do acceso ao Parque Central de Galicia, LU-P-0301 "Antas de Ulla (LU-P-1809)– límite provincia Pontevedra (Rodeiro)", P.K. 0+390 ao 3+657, non procede a revisión en vía xuridiscional dos mencionados acordos, xa que non se dan os supostos contemplados no artigo 126 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e no artigo 140 do seu Regulamento.

Polo que vai dito, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar as cantidades fixadas polo Xurado de Expropiación de Galicia para as fincas, titulares e importes que a continuación se indican, consignándose na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial as cantidades correspondentes á diferenza entre os importes da resolución do Xurado e os importes xa consignados dos depósitos previos e das follas de aprecio desta Administración:

| Nº Parcela | Titulares | Depósitos previos consignados (Resolución 01/08/2024) | Importe consignado das follas de aprecio (Acordo XG 10/01/2025) | Importe da resolución do XEG | Diferenza (importe a consignar) |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | María Lagos Varela | 70,61 € | 704,37 € | 789,57 € | 14,59 € |
| 2 | Julio Lagos Varela | 140,74 € | 1.402,17 € | 1.622,97 € | 80,06 € |
| | Totais: | 211,35 € | 2.106,54 € | 2.412,54 € | 94,65 € |



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 103/134 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/071, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/071, correspondente ao MVMC de Goyan as obras de "Mellora de accesos comunais ao MVMC de Goian", concedéndolle unha subvención por importe de 5.700,00 €.

Terceiro.- O MVMC de Goyan, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Goyan (Sarria), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/071, destinada ás obras de "Mellora de accesos comunais ao MVMC de Goian" por un importe de 5.700,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 104/134 |

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2025.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día o vinte e un de marzo de dous mil vinte e cinco, acordou a aprobación das bases da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025 e cuxo extracto se publicou no BOP número 089, do sábado 19 de abril de 2025.

Tendo en conta que de conformidade coa Base Oitava das Bases do procedemento, deberá constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formular unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente e que para estes efectos, achéganse anexadas á acta as listaxes nas que inclúen os/as solicitantes propostos e no seu caso as solicitudes desestimadas, e que van asinadas para os efectos.

Tendo en conta que, con data cinco de setembro de 2025 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular proposta de avaliación para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025.

Tendo en conta que de acordo ao previsto na base Décima. Acordos de concesión e notificacións, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de acordo de concesión provisional, previa




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 105/134 |

fiscalización e debidamente motivada, á Xunta de Goberno na que se expresará o/a solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a sua contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e puntuacións e que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes. E que así mesmo, o acordo de concesión provisional será notificado aos interesados/as, concedéndolles un prazo de dez días para presentaren alegacións, contados a partir do día seguinte da respectiva publicación no BOP.

Tendo en conta así mesmo que o acordo de concesión provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións.

Á vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación.

Visto o informe de servizo de Deportes.

Visto o informe de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, proponlle á Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

**1º.-** Aprobar o acordo de concesión provisional de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025, de acordo ao informe da comisión de avaliación e aos criterios de valoración e contías máximas e mínimas previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións e puntuacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

**2º.-** O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Que se publicará así mesmo na páxina web da Deputación.

**3º.-** Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base décima da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.**




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 106/134 |

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

| CATEGORIA | NOME ENTIDADE | C.I.F. | NOME ACTIVIDADE | Subvencion |
|---|---|---|---|---|
| Actividade competitiva 2024 | CLUB ATLETISMO GUITIRIZ (EN CONSTITUCION) | G56457625 | ATLETISMO | 942,00 € |
| Actividade competitiva 2024 | CLUB DE ATLETISMO VERXEL NUTRICION DEPORTIVA | G27400159 | ATLETISMO | 1.216,00 € |

**2º.-** Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA SETE (7) PRAZAS DENOMINADAS ATS-DUE, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 107/134 |

**PÚBLICO DO ANO 2023 - APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART. 20.DOS.4, IB1) RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL; E NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2025 NO APARTADO 1 IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, CUPO XERAL; POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"*1. Obxecto da convocatoria.*
O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021, e proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que a continuación se indican, vacantes e dotadas, incluídas nas Ofertas de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para os anos 2023 e 2025. Na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no apartado 1 IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB) 1 Réxime xurídico administrativo, IB)1.1. Cota xeral; e na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, aprobada por resolución da presidencia do 28.03.2025 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 075, do 01.04.2025, figura no apartado 1 IA Taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 Réxime xurídico administrativo, cupo xeral, polo sistema de Concurso- Oposición libre.

*2. Caracterización da praza.*

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ATS-DUE | 2023<br>2025 | 1002<br>1003<br>1004<br>1005<br>1037<br>1038<br>1056 | ATS-DUE | 1784<br>1785<br>1786<br>1787<br>1850<br>1851<br>1871 | ATS-DUE entrada | Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios | A-A2 | Xeral |

*3. Normativa de aplicación.*
As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:
Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 108/134 |

Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).
Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).

*4. Consideracións xurídicas e técnicas.*
A) Convocatoria.
As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público do ano 2023 Apartado 1 IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4; e 2025 apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, cupo xeral, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:
Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(…) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 109/134 |

Artigo 91.2 da LRBRL"a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".

B) Sistema selectivo.
O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:
Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)".
Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...".
Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:
"Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso".
Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.
Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:
a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado ás prazas que se convocan (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.
b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas das prazas que se convocan e dos seus correspondentes postos de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/subgrupo e clasificación.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 110/134 |

As prazas de ATS-DUE, figuran encadradas na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A2 (art. 76 TRLEBEP).

D) Requisitos de participación.
As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Grao ou Diplomado/a Universitario/a en Enfermería, ATS, ou titulacións académicas equivalentes.

E) Aprobación da convocatoria e bases.
A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) Cumprimento da legalidade.
O procedemento selectivo:
a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
Artigo 55.1 do TRLEBEP: "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".
Artigo 55.2 do TRLEBEP: "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
b) Transparencia.
c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.".
Artigo 61.1 do TRLEBP: "os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 111/134 |

b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

*5. Proposta de acordo.*
Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na oferta pública de emprego do ano 2023 (BOP núm. 298, do 30.12.2023)– apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB)1 Réxime xurídico administrativo, IB)1.1. Cota xeral; e do ano 2025 (BOP núm. 075, do 01.04.2025) no apartado 1 IA Taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 Réxime xurídico administrativo, Cupo xeral; polo sistema de Concurso-oposición libre:

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ATS-DUE | 2023<br>2025 | 1002<br>1003<br>1004<br>1005<br>1037<br>1038<br>1056 | ATS-DUE | 1784<br>1785<br>1786<br>1787<br>1850<br>1851<br>1871 | ATS-DUE entrada | Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios | A-A2 | Xeral |

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

**2º.-** Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

**3º.-** Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 112/134 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO DE CATRO (4) PRAZAS DENOMINADAS FISIOTERAPEUTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART. 20.DOS.4, IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL E NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024 APARTADO 1 IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, CUPO XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN LIBRE.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“*1. Obxecto da convocatoria.*
O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021. e proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacantes e dotadas, incluídas nas Ofertas de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire A LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB) 1 Réxime xurídico administrativo, IB)1.1. Cota xeral; e para o ano 2024, aprobada por resolución da presidencia do 27.12.2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 301, do 31.12.2024, figura no apartado 1 IA Taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 Réxime xurídico administrativo, cupo xeral.

*2. Caracterización da praza.*




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 113/134 |

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | 2023<br>2024 | 999<br>1000<br>1001<br>1026 | Fisioterapeuta | 1781<br>1782<br>1783<br>1813 | Fisioterapeuta entrada | Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios | A-A2 | Xeral |

*3. Normativa de aplicación.*

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.

Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).

*4. Consideracións xurídicas e técnicas.*

A) Convocatoria.

As prazas que se pretenden convocar están incluídas nas ofertas de emprego público do ano 2023 Apartado 1 IB) taxa específica á que se refire a loxe 2023, art. 20.dos.4; e




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 114/134 |

do ano 2024 Apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, cota xeral, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:
Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(…) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".
Artigo 91.2 da LRBRL"a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (…), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".

B) Sistema Selectivo.
O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (…). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (…)".
Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate…".
Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:
"Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso".
Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 115/134 |

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:
a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.
b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/ subgrupo e clasificación.
As prazas de Fisioterapeuta, figuran encadradas na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A2 (art. 76 TRLEBEP).

D) Requisitos de participación.
As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Grao ou Diplomatura en Fisioterapia ou titulacións académicas equivalentes.

E) Aprobación da convocatoria e bases.
A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) Cumprimento da legalidade.
O procedemento selectivo:
a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
Artigo 55.1 do TRLEBEP: "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".
Artigo 55.2 do TRLEBEP: "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
b) Transparencia.
c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 116/134 |

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.".
Artigo 61.1 do TRLEBP: "os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.
b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

*5. Proposta de acordo.*
Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas nas ofertas públicas de emprego do ano 2023 (BOP núm. 298, do 30.12.2023) – apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB)1 Réxime xurídico administrativo, IB)1.1. Cota xeral; e do ano 2024 apartado 1 IA Taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 Réxime xurídico administrativo, cupo xeral polo sistema de concurso- oposición libre (BOP núm. 301, do 31.12.2024):

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | 2023<br>2024 | 999<br>1000<br>1001<br>1026 | Fisioterapeuta | 1781<br>1782<br>1783<br>1813 | Fisioterapeuta entrada | Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios | A-A2 | Xeral |




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 117/134 |

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

**2º.-** Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

**3º.-** Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO DE CINCO (5) PRAZAS DENOMINADAS TERAPEUTA OCUPACIONAL, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART. 20.DOS.4, IB1) RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL; E NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2024 E 2025 NO APARTADO 1 IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, CUPO XERAL; POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN LIBRE.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"*1. Obxecto da convocatoria.*
O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021, e proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacantes e dotadas, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para os anos 2023, 2024 e 2025. Na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB)1 Réxime xurídico administrativo, IB)1.1. Cota xeral; na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, aprobada por resolución da presidencia do 27.12.2024 e publicada no Boletín Oficial da




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 118/134 |

Provincia (BOP) de Lugo núm. 301, do 31.12.2024, figura no apartado 1 IA Taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 Réxime xurídico administrativo, cupo xeral; e na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, aprobada por resolución da presidencia do 28.03.2025 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 075, do 01.04.2025, figura no apartado 1 IA Taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 Réxime xurídico administrativo, cupo xeral, polo sistema de Concurso-Oposición libre.

*2. Caracterización da praza.*

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | 2023<br>2024<br>2025 | 995<br>996<br>997<br>998<br>1039 | Terapeuta Ocupacional | 1777<br>1778<br>1779<br>1780<br>1852 | Terapeuta Ocupacional entrada | Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios | A-A2 | Xeral |

*3. Normativa de aplicación.*
As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:
Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 119/134 |

Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).
Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).

*4. Consideracións xurídicas e técnicas.*
A) Convocatoria.
As prazas que se pretenden convocar están incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2023 Apartado 1 IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4; 2024 apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, cupo xeral; e 2024 e 2025 apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, cupo xeral, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:

Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(…) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".
Artigo 91.2 da LRBRL"a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (…), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".

B) Sistema selectivo.
O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:
Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (…). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (…)".
Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate…".
Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 120/134 |

"Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso".

Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/Subgrupo e clasificación.

As prazas de Terapeuta Ocupacional, figuran encadradas na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A2 (art. 76 TRLEBEP).

D) Requisitos de participación.

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Grao ou Diplomatura en Terapia Ocupacional ou titulacións académicas equivalentes.

E) Aprobación da convocatoria e bases.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 121/134 |

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) Cumprimento da legalidade.
O procedemento selectivo:
a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
Artigo 55.1 do TRLEBEP: "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".
Artigo 55.2 do TRLEBEP: "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
b) Transparencia.
c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.".

Artigo 61.1 do TRLEBP: "os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.
b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

*5. Proposta de acordo.*
Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas nas ofertas pública de emprego dos anos 2023 (BOP




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 122/134 |

núm. 298, do 30.12.2023)– Apartado 1 IB) Taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB)1 Réxime xurídico administrativo, IB)1.1. Cota xeral, anos 2024 (BOP núm. 301, do 31.12.2024) e 2025 (BOP núm. 075, do 01.04.2025) no apartado 1 IA Taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 Réxime xurídico administrativo, cupo xeral; polo sistema de concurso- oposición libre.

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | CLASIFICACIÓN | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | 2023<br>2024<br>2025 | 995<br>996<br>997<br>998<br>1039 | Terapeuta Ocupacional | 1777<br>1778<br>1779<br>1780<br>1852 | Terapeuta Ocupacional entrada | Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios | A-A2 | Xeral |

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

**2º.-** Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

**3º.-** Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN ENCARGADO CONSERVACIÓN DE CENTROS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 123/134 |

"Visto que Don Julián Mayor Couceiro, Encargado Conservación de Centros do Cadro de Persoal Funcionario, cumpre os 65 anos de idade o día 10 de outubro de 2025 e que á cita data terá recoñecidos 41 anos de servizos prestados nesta Deputación provincial, acreditando, en consecuencia, un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitado, inicialmente, a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta as consideracións de dereito que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

"2.1.- O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:
"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:
a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.
[…].
3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida
(…)".
2.2.- O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:
"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:
a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.
[…].
3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
(…).
4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas regu-ladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.".

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:
"As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

| Ano | Períodos cotizados | Idade esixida |
|---|---|---|
| 2025 | 38 anos e 3 meses ou máis | 65 anos. |
| | Menos de 38 anos e 3 meses | 66 anos e 8 meses |

[…].".




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 124/134 |

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que Don Julián Mayor Couceiro terá acreditado, á data do 10 de outubro de 2025, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitado a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Lo-cal e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xuna de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, Don Julián Mayor Couceiro, con efectividade do día 10 de outubro de 2025, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN CAPATAZ DE CAMIÑOS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que Don Víctor Luaces Luaces, Capataz de Camiños do Cadro de Persoal Funcionario, cumpre os 65 anos de idade o día 13 de outubro de 2025, que terá recoñecidos 17 anos, 11 meses e 13 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 13 de outubro de 2025, data previsible de xubilación forzosa.

Que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e 3 meses e que non solicitou inicialmente a prolongación no servizo activo.
Tendo en conta as consideracións de dereito que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

"2.1.- O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 125/134 |

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:
a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.
[...].
3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida
(...)”.
2.2.- O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:
“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:
a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].
3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
(...).
4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas regu-ladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguri-dade Social, sinala:
“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

| Ano | Períodos cotizados | Idade esixida |
|---|---|---|
| 2025 | 38 anos e 3 meses ou máis | 65 anos. |
| | Menos de 38 anos e 3 meses | 66 anos e 8 meses |

[...].”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que Don Víctor Luaces Luaces terá acreditado, á data do 13 de outubro de 2025, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitado a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime



| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 126/134 |

Lo-cal e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xuna de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, Don Víctor Luaces Luaces, con efectividade do día 13 de outubro de 2025, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN VIXILANTE VÍAS E OBRAS DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que Don Juan Jesús Martínez Álvarez, Vixilante Vías e Obras do Cadro de Persoal Laboral Provincial, cumpre os 65 anos de idade o día 5 de outubro de 2025 e que á citada data terá recoñecidos 42 anos, 10 meses e 16 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 5 de outubro de 2025, acreditando, en consecuencia, un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitado inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta as consideración de dereito formuladas no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala:

"2.2.- O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:
"1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:
a) Voluntaria
b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.
[...].
3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida
[...]".



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 127/134 |

O Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1) establece:
"A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)"
2.3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:
"As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

| Ano | Períodos cotizados | Idade esixida |
|---|---|---|
| 2025 | 38 anos e 3 meses ou máis | 65 anos. |
| | Menos de 38 anos e 3 meses | 66 anos e 8 meses |

[...].".

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que Don Juan Jesús Martínez Álvarez, terá acreditado, á data 5 de outubro de 2025 un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP número 056, do 10 de marzo de 2011, acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, Don Juan Jesús Martínez Álvarez, con efectividade do día 5 de outubro de 2025, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN ANTICIPADA DUNHA ADMINISTRATIVA A.X. DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que Dona María Carmen Montero González nada o día 25 de xaneiro de 1962, que ocupa praza de Administrativa A.X. do Cadro de Persoal Funcionario, o posto de Xefa de Unidade II Xestión Administrativa Vías e Obras, presentou ante esta Entidade




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 128/134 |

solicitude de xubilación anticipada (Rexistro Xeral de Entrada nº 2025RT012356, de data 30 de xuño de 2025), dende o día 1 de outubro de 2025.

Tendo en conta que Dona María Carmen Montero González, á dita data terá unha antigüidade recoñecida superior a 38 anos e 3 meses.

Consideracións xurídicas e técnicas.

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:
"1.- A xubilación do persoal funcionario pode ser:
a) Voluntaria
b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.
c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.
2.- A xubilación voluntaria concederase por solicitude da persoa interesada, sempre que reúna os requisitos e as condicións establecidas no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.
3.- A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.
(...)".

Doutra banda, o Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 208, establece:
"Xubilación anticipada por vontade do interesado
1.- O acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado esixirá os seguintes requisitos:
"a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a), sen que a estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206 e 206 bis.
b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. A estes exclusivos efectos, soamente se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 129/134 |

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir ten que resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada".

2.- Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada mes ou fracción de mes que, no momento do feito causante, lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación forzosa fixada no artigo 205.1.a"

As anteditas condicións e requisitos están matizadas polo sinalado na Disposición Transitoria Sétima, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización necesario que aplicarase de maneira gradual, fixándose para no ano 2025, segundo se expresa no seguinte cadro:

| Ano | Períodos cotizados | Idade esixida |
|---|---|---|
| 2025 | 38 anos e 3 meses ou máis | 65 anos. |
| | Menos de 38 anos e 3 meses | 66 anos e 8 meses |

Tendo en conta as consideracións anteriormente formuladas, e o contido do informe do Servizo de Recursos Humanos, do que se desprende que a interesada cumpre cos condicionantes establecidos; propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 09.03.2011 (publicado do BOP núm. 056, do 10.03.2011), acorde:

Acceder á solicitude de xubilación anticipada de Dona María Carmen Montero González dende o día 1 de outubro de 2025, sendo o último día que presta servizos nesta Entidade."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN DO SERVIZO DUNHA ANIMADORA SOCIOCULTURAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que dona María José Blanco Freire, Animador/a Sociocultural Experto/a do Cadro de Persoal Funcionario, nacida o día 8 de febreiro de 1959, presentou instancia, con número de expediente 2025/XEN_01/002261, de data 17 de xuño de 2025, na que solicita continuar coa prolongación da permanencia no servizo activo, para poder alcanzar un maior número de anos cotizados e da contía da pensión.



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 130/134 |

Á vista do contido da solicitude que formula, sobre a prolongación da permanencia no servizo activo despois de cumprir os 65 anos, compre ter en conta o acordado na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, que culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade en materia de xubilación.

En canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no citado Acordo, a tramitación de solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria, farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril, DOGA nº 82, de 4 de maio de 2015).

Tendo presente o disposto na lexislación xeral aplicable e o prevido no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe sinalar os seguinte aspectos relevantes:
a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando o persoal funcionario ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante ao ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Considerando que os resultados dos últimos períodos de avaliación son positivos.
En relación á asistencia ao traballo e absentismo, segundo consta nos rexistros do Sistema de control horario e de presenza, cabe referir que se ten producido un cumprimento da xornada positivo.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 131/134 |

Á vista de canto antecede, vistos os informes dos servizos, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; e que, segundo consta no seu expediente persoal, existe un cumprimento axeitado en materia de desempeño e absentismo; e a que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que acredita a solicitante, tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión, e que a solicitude está conformada polo Xefe da Sección de Mantemento, por substitución e da Presidencia, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo:

Accedendo á pretensión da funcionaria, Dona María José Blanco Freire, de prolongar a permanencia no servizo activo, dende o 9 de outubro de 2025 ata o 8 de outubro de 2026."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**20.- CONTA E CUMPRIMENTO DA RESOLUCIÓN DO TARCLU RELATIVA Ó RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN Nº 4/2025.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto que o día 09.09.2025 consta a entrada no RXE Nº 2025RI000070 da Resolución do recurso especial en materia de contratación 4/2025, interposto o día 10 de xuño de 2025 pola Asociación Nacional de Empresas de Control de Pragas e Sanidade Ambiental (ANECPA), fronte ao anuncio de Licitación, Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas do contrato de servizo denominado: "Servizo de mantemento integral das instalacións térmicas, control e prevención de lexionela e desratización, desinsectación e desinfección dos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Meira, Pol, Castroverde, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna, Rivas de Sil e Ribadeo", na que se desestima o Recurso 4/2005 formulado pola Asociación Nacional de Empresas de Control de Pragas e Sanidade Ambiental (ANECPA) ao atopar axustada a Dereito e debidamente motivada a excepción prevista no artigo 99 da LCSP, non procedendo, en consecuencia, a suspensión do procedemento.

Á vista do exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Dar conta da Resolución do TARCLU relativa ó recurso especial en materia de contratación número 4/2025, interposto pola Asociación Nacional de Empresas de Control de Pragas e Sanidade Ambiental (ANECPA), fronte ao anuncio de Licitación, Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas do contrato de servizo denominado: "Servizo de mantemento integral das instalacións térmicas, control e prevención de lexionela e desratización, desinsectación e desinfección dos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Meira, Pol, Castroverde, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna, Rivas de Sil e




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 132/134 |

Ribadeo", na que se desestima o Recurso 4/2005 formulado pola Asociación Nacional de Empresas de Control de Pragas e Sanidade Ambiental (ANECPA) ao atopar axustada a Dereito e debidamente motivada a excepción prevista no artigo 99 da LCSP, non procedendo, en consecuencia, a suspensión do procedemento.

**2º.-** Dar cumprimento íntegro da Resolución nos termos recollidos no punto primeiro da proposta."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**21.- CONTA E CUMPRIMENTO DA RESOLUCIÓN DO TARCLU RELATIVA Ó RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN Nº 5/2025.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto que o día 08.09.2025 consta a comunicación da Resolución do recurso especial en materia de contratación 5/2025, interposto o día 22 de xullo de 2025 pola Confederación Intersindical Galega, (CIG), contra o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizo denominado: "Conservación e mantemento da viabilidade na rede viaria provincial en zonas de orografía complexa, (Zonas: 5, 6 e 7), 2025-2027", na que se estima na súa integridade o recurso interposto pola Confederación Intersindical Galega, (CIG) e , en consecuencia, procede á anulación do actuado en relación coa Zona 5 (lote1), procedendo a modificar o prego de cláusulas administrativas, debendo incorporarse ás mesmas a información completa relativa ao persoal subrogable da devandita Zona 5; incluíndo: categoría; antigüidade; tipo de contrato; xornada; salario anual e convenio de aplicación; ademáis dos pactos de mellora e condicións laborais; reabrindo, en consecuencia, o prazo de presentación de ofertas.

Á vista do exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Dar conta da Resolución do TARCLU relativa ó recurso especial en materia de contratación número 5/2025, interposto pola Confederación Intersindical Galega, (CIG), contra o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizo denominado: "Conservación e mantemento da viabilidade na rede viaria provincial en




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 133/134 |

zonas de orografía complexa, (Zonas: 5, 6 e 7), 2025-2027", na que se estima na súa integridade o recurso interposto pola Confederación Intersindical Galega, (CIG) e , en consecuencia, procede á anulación do actuado en relación coa Zona 5(lote 1), procedendo a modificar o prego de cláusulas administrativas, debendo incorporarse ás mesmas a información completa relativa ao persoal subrogable da devandita Zona; incluíndo: categoría; antigüidade; tipo de contrato; xornada; salario anual e convenio de aplicación; ademáis dos pactos de mellora e condicións laborais; reabrindo, en consecuencia, o prazo de presentación de ofertas.

**2º.-** Dar cumprimento íntegro da Resolución nos termos recollidos no punto primeiro da proposta.

**3º.-** Notificar aos interesados no procedemento"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*Dación de conta da sentenza nº 104/2025.*

Dase conta da Sentenza nº 104/2025, de 20 de xuño de 2025, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 269/2024-J, seguido a instancia de D. Segismundo García Rodríguez contra a inexeución por parte da Deputación Provincial de Lugo do acto administrativo, e en cuxo fallo dí o seguinte:

*"Que debo declarar y declaro la inadmisibilidad el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Segismundo García Rodríguez frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo seguido ante este Juzgado como Proceso Abreviado número 269/2024, contra el acto indicado en el encabezamiento, por interponer el recurso contra actividad no susceptible de impugnación. Sin expresa condena en costas".*

A Xunta de Goberno queda enterada.

**23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO**




| | IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Fecha y Hora | 17/09/2025 11:19:34 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TESLSBMHY5XU5QVU46U7F6Y | Página | 134/134 |